



AGROGLAMOUR

JALPÓNS

JALIÑEIROS

CHIMPÍNS

festival
de CANS

24/27 MAIO
XIV EDICIÓN
C A N S
2017 (O PORRIÑO)

DOSSIER DE PRENSA

Festival de Cans

24 / 27 MAIO
XIV EDICIÓN
CANS
2017 (O PORRIÑO)

patrocinan




apoian







apadrinan



colaboran





CARLOS MEIXIDE



Índice

CATORCE ANOS DE CANS.....	4
PROGRAMA.....	9
SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO.....	13
VIDEOCLIPS.....	19
XURADOS.....	20
MÚSICA.....	22
LONGAMETRAXES.....	28
NOITE DAS HOMENAXES.....	32
ENCONTROS E COLOQUIOS.....	33
FILLOS DE CANS.....	35
A QUE ANDAS?.....	37
JALPÓN DE ALICIA.....	39
MULTIUSOS.....	45
MINICANS.....	47
OUTRAS LEIRAS.....	49



CATORCE ANOS DE CANS

O Festival de Cans cumpre catorce anos nesta edición, e faino reformulando espazos e reestruturando a súa programación dándolle cada vez máis importancia aos creadores e creadoras. Chegamos nesta ocasión cunha programación variada, fresca, con novas propostas e tocando todas as disciplinas posibles: literatura, audiovisual, música, gastronomía... Aquí vos contamos as principais novidades.

Audiovisual

Sección oficial concurso

- Un ano máis a competición oficial de curtametraxes do Festival de Cans está marcada por **directoras e directores que crean desde o éxodo**, pero tamén por algúns **creadores que xa tocaron o éxito do Can de Pedra** de Cans. Nesta ocasión berramos ben alto que conseguimos un fito histórico no Festival: **paridade total entre pezas realizadas por mulleres e homes**. O concurso ven variado e axustado.
- **Traemos unha sección de animación máis fresca e con máis realizadores e realizadoras novos ca nunca**. Xuntamos a debuxantes consagrados ao carón dunha nova camada de creadoras saídos de diversos centros de estudos galegos, o futuro do sector.
- Os **videoclips** gañan protagonismo este ano e seguen mantendo un ritmo vital e saudable. A selección deste ano reflicte a rica **diversidade de grupos e de creadores**, con estilos tan variados coma o pop, rock, folk, hip-hop, ska ou incluso metal.
- Continúa algo que é estable todos os anos: o ánimo do festival de impulsar realizadores xa coñecidos, sen esquecerse dos novos talentos emerxentes. Cans segue sendo un festival para o descubrimento!

Longametraxes

- As Also Sisters terán a estrea mundial do seu primeiro filme ***A historia dun satélite***, dentro do marco do Festival. Cumprimos así o obxectivo de seguir a traxectoria dos creadores e creadoras que comezaron como curtametraxistas e presentan tamén con nós a súa primeira longa.
- Hai dous anos, Cans estreou unha sección que era unha aventura arriscada: propoñerlle a un director ou directora que contase os segredos da súa película, en tempo real, falando cun micro ao mesmo tempo que transcorre a proxección. Se o ano pasado foi o turno de Dani de la Torre rebobinando *El Desconocido*, agora chega a quenda de **Manane Rodríguez con *Migas de Pan***.



- Acolloremos a estrea absoluta dun especial documental adicado á catástrofe do Prestige: ***Mar de fondo***, de **Dani Guzmán**, que viaxou ata Galicia para filmalo no 2002. Unha peza inédita que verá a luz en Cans
- Ademais, proxectaremos varios documentais como ***Esquece Monelos*** e o filme de animación para nenos ***Linko***.

Seccións habituais e específicas desta edición

- **O Coloquio na Leira** estará protagonizado polo cineasta **Montxo Armendáriz**.
- Coma sempre, nunha das seccións máis populares e emblemáticas do festival, faremos un seguimento dos **Fill@s de Cans**. Nesta edición poderemos ver imaxes inéditas de ***Los desorientados*** -de José A. Quirós-, ***Trinta lumes*** -de Diana Toucedo-, ***Día de muertos*** - Carlos Gutiérrez e Mamen Quintas-, ***Dorian Yates*** -de Luis Solarat-, ***Unicorn Wars*** -de Alberto Vázquez- e ***Fuller Roller Derby*** -de Ángel Manzano-.
- En **A que andas?**, o apartado no que, xunto á Asociación Galega de Guionistas, descubrimos **que teñen entre mans Enrique Otero, Andrea Zapata Girau, Antonio Rodríguez e Oubín Hellot, as Also Sisters e Isabel Ayguavives**
- Inauguramos a sección **Furacáns** que recolle as obras dunha serie de directores e directoras que se afastan do convencional: ***Volver allí*** -de Lucía Estévez-, ***Lembranza*** -de Al Díaz-, ***Jet d'eau*** -de Alejandro Pose-, ***Homes*** -de Diana Toucedo- e ***Lar*** -de Iria Silveira e Aldara Pregar
- Este ano celebramos tamén unha efeméride que non podiamos pasar por alto: os **15 anos da traxedia do Prestige**, e facémolo cunha escolma de curtametraxes relacionadas co tema: ***Crebinsky*** -de Enrique Otero-, ***Carcamáns*** -de Marcos Nine-, ***Man*** -Manuel Abraldes-, ou ***Toxic percebe*** -de Xabier Jácome-.
- Botarémolles unha ollada á literatura afondando no **fenómeno dos “booktrailers”**, e cun **roteiro cinéfilo-literario** no que o escritor Carlos Meixide guiará aos asistentes a través dos emprazamentos do seu último libro, **“Cans”**.

Audiovisual e música

- No empeño do festival de facer dialogar música e audiovisual, teremos varias proxeccións ben singulares: o documental ***Frágil equilibrio*** -gañador do Goya ao mellor documental na última edición dos premios-, que irá acompañado dunha **actuación de Uxía**.



- Rescatamos pezas audiovisuais do grupo **Radio Océano** e reunímolos para que ofrezan unha exclusiva actuación posterior no Jaliñeiro, un dos nosos espazos máis emblemáticos e característicos.
- Estreamos mundialmente o novo videoclip de **Terbutalina** “*Ningún che quere*”, avance do que será o seu novo disco “*Sonido Esteiro*”.
- Faremos unha retrospectiva dos mellores clips de **Eladio y los Seres Queridos** aproveitando o seu paso polo Espazo Mahou na Leira de Alicia na que nos acompañarán os membros da banda e o realizador Alberto Baamonde.

Música

Na programación musical, **máis de 25 actuacións** para non parar de bailar e mover o corpo entre proxección e proxección.

- No Torreiro **teremos unha noite de sábado de música 100% galega**, con **Familia Caamagno e Terbutalina**. Para non parar de bailar ata altas horas da madrugada!
- Tamén no centro neurálxico do festival haberá espazo para **Adrián Costa & The Criers** o sábado pola tarde.
- O **Espazo Mahou na Leira de Alicia** reforza a súa programación musical con nada máis e nada menos que os concertos Mahou Cinco Estrellas de **León Benavente** e **Eladio y los Seres Queridos**, dúas das bandas máis destacadas do panorama musical actual.
- **Corizonas**, a superbanda que resultou da fusión de Los Coronas e Arizona Baby subirá o venres ao Torreiro de Cans para pechar o día.
- Polo **Cans Voulevar** pasarán artistas como **Cora Sayers, Roger de Flor e Os Silvestres ou Os Carunchos** e a banda sonora do xoves, día da Noite Gia dos Videoclips, correrá da conta de **Electric Feels** e **Escuchando Elefantes**.
- O **Trío do Acivro** repite no programa infantil, pero tamén incorporamos “**Cantarolas para xente miúda**”, as composicións de Suso Vaamonde sobre poemas de Neira Vilas interpretadas por parte dos membros de A Rosa, e teremos con nós a Treboada Baixo Miño, Charanga Sghae, pasarrúas, desfiles de chimpíns, serán dos veciñ@s...
- E tamén... música na radio! Co xornalista Julio Ruiz ao fronte, o programa “**Disco grande**” visitará Cans para facer en directo unha entrega deste programa musical, o máis lonxevo da radio española na actualidade.



MiniCans

A **programación infantil** segue medrando con proxeccións, actuacións musicais e obradoiros. O máis pequenos terán actividades no Baixo de Carlos, o Cuberto de Pato e o parque do río con actividades dende o sábado a mañá ata a última hora da tarde. Nestas localizacións poderán gozar da **Caixa de Mistos**, con curtas de animación, aprenderán como levar a narración oral ao storyboard para construír un filme con **Polo Correo do Vento** ou asistirán á proxección de **Linko**.

Homenaxes e outros protagonistas

De novo o festival será un bulir de caras coñecidas, homenaxes e protagonismos múltiples

- O actor **Miguel de Lira** recibirá o Premio Pedigree e colocará a súa estrela no Torreiro.
- Teremos outro xurado para gardar na memoria: **Luisa Romeo, Mara Torres, José Antonio Quirós, Sonia Castelo, Diana Toucedo, Alfonso Zarauza e César Goldi**.
- Os Chimpíns de Prata “Premio Pepe Puime” irán para **Jorge Coira** e veciño Feliciano Bernárdez, “**Xano**”.
- Regresa **Miradas de Cans**, esta vez coa ilustradora María Meijide como protagonista.

Ademais...

- **Xurxo Souto** repite o xa tradicional **CansSonoro**, unha ruta musicada e contada pola parroquia, na que recupera historias que ata os locais descoñecían e que vai gañando adeptos ano tras ano.
- Prestarémolles atención aos **Cans do futuro** cun programa de visitas específico para centros escolares.
- Por segundo ano, Cans botou a andar un proxecto colectivo que está sendo apaixonante. Desde o mes de febreiro, **dez veciñas e veciños da aldea** recibiron durante varios meses clases de documentación, guión, edición e montaxe. Coordinados polo realizador **Juanma Lodo**, levarán a cabo unha **obra audiovisual creada, gravada, producida e editada polos propios veciños**. Será unha **curta documental sobre a emigración que se estreará o mércores 24 de maio** e probablemente sexa un dos momentos máis emotivos que se vivirán no Festival.
- Gastronomía mesturada coa sétima arte nas “Tapas de Cinema” no Showcooking de Cociñeiros Mahou Inés Abril e Rafa Centeno, do restaurante Estrella Michelin Maruja Limón, prepararán na Praza do Concello do Porriño o xoves 25 pola tarde.



- Nova edición da **Can Parade**, co descubrimento de novos valores artísticos de toda Galicia. Ademais, nesta ocasión tamén poderemos ver a reinterpretación do can de Cans que fan uns 500 escolares en “**Debuxa Cans**” e a **Can Parade para os maiores do Centro de día de Torneiros**.

Máis do 90% do programa do Festival de Cans é de acceso libre e gratuíto ata completar aforo. Nesta edición serán de pago as seguintes actividades: proxección de curtametraxes a concurso, sesión do documental *Frágil Equilibrio* + actuación de Uxía, sesión de escolma de pezas audiovisuais de Radio Océano + actuación da banda, proxección de *Mar de fondo*, proxección *Linko*, O Trío do Acivro e Polo Correo do Vento en MiniCans.

No seu conxunto todos os contidos do certame teñen a mirada posta no noso *Decálogo para a visibilidade das mulleres*, polo que podemos afirmar que a participación da creación feminina no festival segue en aumento.



PROGRAMA

MÉRCORES, 24 DE MAIO

10,00 | “Cans do futuro” no Baixo de Bugarín.

10,30 | Inauguración Exposición “Can Parade para os Maiores”. Centro de Día de Torneiros.

11,30 | Coloquios AISGE: “Pioneiros da interpretación”. Baixo do Moncho.

11,00 | “Roteiro literario- cinéfilo do libro “Cans”, guiado polo escritor Carlos Meixide. Saída da Rotonda do Can.

16,00 | Sesión Booktrailers, no Baixo de Bugarín

17,00 | Proxestión de filme “*Esquece Monelos*” de Ángeles Huerta. Coa presenza da realizadora. Baixo de Bugarín (proxestión+ coloquio).

19,00 | Colocación Chimpíns no Muro dos Chimpíns.

19,30 | Homenaxe ao Can de Pedra, na Rotonda do Can. Coa presenza das **Pandereteiras de Cans e acordeonistas “Acordecans”**. Estrea mundial do tema “Acuque”.

20,00 | Noite dos Veciños, no Baixo de Bugarín

Presentación do libro “**Cans**” de Carlos Meixide, coa presenza do autor

Presentación dos Guías dos Camiños

Presentación do Xurado dos veciños.

Avance do documental “*Querida Utopía*” arredor da figura do filósofo e profesor natural de Cans, Francisco Fernández Buey. Dirixido por Juanma Lodo.

Presentación do traballo do proxecto “Cans 303” feito polas alumnas e alumnos do curso. Estrea do documental “*É hoxe non é un soño*”.

Actuación “Pandereteiras de Cans” e grupo “Acordecans”.

XOVES, 25 DE MAIO

10,00 | “Cans do futuro” no Baixo de Bugarín

10,00 | Roteiro literario-cinéfilo do libro “Cans”, guiado polo escritor Carlos Meixide.

11,30 | Coloquios AISGE: “Actores e actrices: non é ouro todo o que reloce”. Baixo de Moncho.

13,00 | Colocación da placa homenaxe na casa natal do filósofo e escritor Francisco Fernández Buey, coa presenza do profesor Xesús Alonso Montero. Na Casa do Carreira.

16,30 | Sección Rebobinando. Proxestión do filme “*Migas de Pan*”, de Manane Rodríguez, coa presenza da directora e coloquio posterior. CRC O Porriño.

17,00 | Rúa Ramón González. Inauguración exposición “**Debuxa Cans**”, dos debuxos de cine feitos polos colexios de primaria de O Porriño.



18,00 | Bar Liceum.- **Encontro de realizadores de videoclips** e coloquio arredor da creación de clips. Moderado por Marta Gómez (Zig-Zag TVG), coa presenza do realizador Manu Viqueira, que presentará a **estrea mundial de “Antisocial”, novo videoclip de Soziedad Alkohólica.**

19,00 | Actuación na rúa con **“Os Zoqueiros”** na Praza do Concello.

19,30 | Arranque da procesión de chimpíns desde a Praza do Concello ata o CRC. Coa acompañamento da Agrupación “Os Zoqueiros”.

20,00 | Noite de estrea no CRC. Estrea mundial do filme **“Historia dun Satélite”**, dirixido polas irmáns Sonia e Miriam Albert- Sobrino, as Also Sisters. Coa presenza das directoras e do equipo do filme.

20,00 | **Showcooking de Cociñeiros Mahou Inés Abril e Rafa Centeno do Restaurante Estrella Michelin Maruja Limón.** “Tapas de Cinema”. Praza do Concello.

21,00 | Sesión Discochimpín **Electric Feels.** Praza do Concello.

21,00 | Inauguración Can Parade.

22,30 | **Noite GÍA dos videoclips**, na Praza do Concello. Presentado por Marta Gómez (Zig-Zag TVG)

23,30 | Actuación **“Escuchando Elefantes”**, na Praza do Concello.

VENRES, 26 DE MAIO

10,00 | Sección “Cans do futuro” no Baixo de Bugarín.

10,00 | **Café con CREA**, no Baixo de Moncho. Encontro co realizador **Guillermo García**, Premio Goya ó mellor documental polo filme **“Frágil Equilibrio”**

11,30 | Coloquios AISGE: “Ser muller e actriz”. Baixo do Moncho

13,00 | **“A que andas?”**, presentación de proxectos de guión, coa colaboración de AGAG. No Baixo do Moncho.

16,00 | **“Fill@s de Cans”**, avance de imaxes inéditas de filmes que se estrearán proximamente. Baixo do Moncho.

17,00 | Programa **“Disco Grande” de Radio 3** en directo con Julio Ruíz. Multiusos.

18,00 | Estrea do documental **“Mar de Fondo”**, coa presenza e posterior coloquio co director do filme, **Daniel Guzmán** e o escritor **Suso de Toro**. Efeméride dos 15 anos da catástrofe do Prestige. No Baixo de Bugarín. Entrada 3 euros.

20,00 | Concerto Mahou Cinco Estrellas **León Benavente**. Espazo Mahou na Leira de Alicia.

21,30 | Procesión de chimpibuses acompañados pola **Treboada Baixo Miño**. Desde o Baixo do Moncho ó Torreiro de Cans.

22,00 | Discochimpín **Dj Edu Romero** no Espazo Mahou na Leira de Alicia.

22,30 | **Noite das homenaxes**, presentada por Keka Losada e Federico Pérez.

Entrega dos chimpíns de Prata a Feliciano Bernárdez “Xano” e a Jorge Coira.



Proxestión “*O Trece Crece*”, documental sobre o Festival de Cans 2016, de Isaura Docampo.

Proxestión videoclip gañador do concurso e entrega premio.

Entrega do Premio Pedigree a Miguel de Lira, e colocación da **estrela no Torreiro** de Cans.

00,00 | Actuación **Corizonas**. Torreiro de Cans.

01,30 | Discochimpín. **Dj Rojiblanco** (Julio Rufz, Radio 3) Torreiro de Cans.

SÁBADO, 27 DE MAIO

10,00 | Comezo das proxestións a concurso. Sesión matinal.

10,00 | **Can Sonoro**, con Xurxo Souto. Polos camiños de Cans. Saída desde a Rotonda do Can.

10,30 | Proxestión do filme “*Linko*” de Xosé Zapata e Rafael Calvo, coa presenza dos autores. Baixo de Carlos. Entrada 3 euros. (+12)

11,00 | **15 anos de Prestige**. Retrospectiva de curtametraxes. Jalpón de Alicia

12,00 | Coloquio na leira co director **Montxo Armendáriz**. Espazo Mahou na Leira de Alicia.

13,30 | Montxo Armendáriz coloca a súa estrela no Torreiro das Estrelas. Torreiro de Cans.

13,00 | Pasarrúas da **Banda de Música de Rubiós** (As Neves) e posterior sesión vermú no Torreiro de Cans.

13,30 | “*Cantarolas para xente miúda*”. Composicións de Suso Vaamonde sobre poemas de Neira Vilas interpretadas por membros do grupo a Roda. No Parque do Río. Entrada libre.

15,30 | Procesión de chimpibuses. Desde o barrio do Castillo ata o Torreiro. Acompañados pola “**Charanga Sghae**” de Salceda de Caselas.

16,00 | Chegada procesión chimpibuses ao Torreiro coa Charagan Sghae.

16,00 | Presentación “**Miradas de Cans**” coa pintora María Meijide + Sección paralela “**Furacáns**”. Jalpón de Alicia. Entrada libre.

16,00 | Obradoiro de curtas para os pequenos. Caixiña de Mistos. Parque do Río

16,30 | Comezo da primeira parte das proxestións a concurso nos diversos jalpóns.

16,30 | Actuación música clásica didáctica para os pequenos: “**O Trío do Acivro**”. Cuberto de Pato. 3 euros.

16,30 | **Dalle caña**: II Encontro de Curtametraxistas no Espazo Mahou na Leira de Alicia.

16,30 | Actuación **Cora Sayers**, no Cans Voulevar.

16,30 | Proxestión do documental “*Frágil Equilibrio*”, gañador do Premio Goya. Coa presenza e coloquio co director Guillermo García e da cantante **Uxía**, intérprete da Banda Sonora.

(documental+ actuación 5 euros) Actuación ás 18,30 horas. Multiusos e Jaliñeiro.



18,30 | Sección Clipmanía: **Estrea mundial clip Terbutalina + Retrospectiva Clips Eladio y los Seres Queridos.** Coa presenza dos músicos das bandas e dos realizadores Gero Costas e Alberto Baamonde. Jalpón Alicia. Entrada libre.

18,30 | Actuación **Polo Correo do Vento**, para os pequenos. Narración oral levada a storyboard para construír un filme. Cuberto de Pato. 3 euros.

18,30 | Actuación **Roger de Flor e Os Silvestres** no Voulevar.

19,00 | Daniel Guzmán coloca a súa estrela no Torreiro das Estrelas. Torreiro de Cans.

19,30 | Actuación **Adrián Costa & The Criers.** Torreiro de Cans.

20,00 | Proxección traballos finais Obradoiro de Curtas, na Caixiña de Mistos. Parque do Río.

20,30 | Concerto Mahou Cinco Estrelas "**Eladio y los Seres Queridos**", no Espazo Mahou na Leira de Alicia. Presentación do disco "Cantares" e da canción oficial desta edición do Festival: "Se ti vés comigo a Cans".

21,00 | Material audiovisual retrospectiva 30 anos do disco "Esto no es Hawai (Nin falta que fai)" de **Radio Océano**. Coa presenza do cantante Xosé M. Pereiro e os membros da banda. Sala Multiusos. Actuación da banda ás 21,30 no Jaliñeiro (5 euros proxecion+ actuación).

21,30 | Extra-Cans. Sección paralela de curtametraxes. Entrada libre. Jalpón de Alicia.

22,30 | Discochimpín Espazo Mahou na Leira de Alicia. **Nico Pastoriza DJ**, "sonido Manchester".

22,00 | Actuación **Os Carunchos** no Cans Voulevar.

23,00 | Entrega de premios no Torreiro de Cans.

00,00 | Actuación **Familia Caamagno**. Torreiro.

01,30 | Actuación **Terbutalina**. Torreiro.

2,30 | Sesión Discochimpín Dj **El Cuerpo del disco**. Torreiro.

SÁBADO, 3 DE XUÑO

20,00 | Homenaxe ós gañadores na Sala Ingrávida (O Porriño). Proxección das curtas gañadoras. 4 euros.



SECCIÓN OFICIAL A CONCURSO

Ficción

Un ano máis a competición oficial de curtametraxes do Festival de Cans está marcada por directoras e directores que crean desde o éxodo. Moitos son creadores e creadoras que viven noutros países, e que en moitas ocasións Cans serve para descubrir a súa obra. Pero tamén por algúns creadores que xa son vellos coñecidos de Cans como Olga Osorio, Anxos Fazáns ou Luis Solarat. Unha competición diversa de temáticas e de miradas, que reflicte a fecunda realidade creativa do noso audiovisual. Os jalpóns van ferver de emoción con estas 16 curtametraxes!

Este ano a competición marca un fito histórico xa que un 50% de realizadoras son mulleres conseguindo una paridade absoluta. Por outra parte tamén temos 6 estreos absolutos con Castrati, Área de descanso, Area, Pequena Silenciosa ademáis estrea en Galicia, Locale, La madrina, Albores, Liebre).

POSTALES

2016 | 12' | Español

Dirección: Pablo Santidrián e Inés Pintor

Producción: Pablo Santidrián e Inés Pintor

Elenco: Nadia De Santiago, Fernando Guallar

Vai de: Ainhoa e Jon coñécense nunha illa deserta. Os dous deixaron en pausa as súas vidas e viaxaron ata unha illa alonxada de todo o que coñecen.

Xénero: Drama, romance.

O detalle: a curta vén de ser seleccionada en numerosos festivais do estado.

Vai de: Verán do 82. Teo asegura que topou un burato de verme. O seu irmán Óscar non o cre... polo menos de momento.

Xénero: Ciencia Ficción, comedia, fantasía, infantil.

O detalle: Peza gañadora dun Mestre Mateo na última edición dos premios e tamén a curta máis premiada do último ano.

ÁREA DE DESCANSO

2016 | 19' | Galego

Dirección: Pablo Outón

Guión: Pablo Outón

Producción: Base Laracha

Son: José Manuel Martínez "Bonham"

Música: Iago Pereira e KRPNTA

Arte: Nando Vázquez, Víctor Ulla

Elenco: César Aldea, Miro Magariños, Xavier Pan, Marta Doviro, Pedro Picos, Arturo Santos, José Luis Ducid, Elena Couto, Felipe Lage

Vai de: Un día de verán, un viaxante comercial conduce pola autopista. Desacougado polo estrés decide parar nunha área de descanso.

Xénero: Cine Negro, road movie.

O detalle: Última curta, primeira de ficción, do artista plástico Pablo Outón.

EINSTEIN-ROSEN

2016 | 9' | Español

Dirección e guión: Olga Osorio

Producción: Juan Galiñanes García, Olga Osorio

Son: Alberto Blanco, Jorge G. Colado

Fotografía: Suso Bello

Edición: Juan Galiñanes, Olga Osorio

Arte: Beatriz Gayoso Prieto

Elenco: Teo Galiñanes, Óscar Galiñanes, Xúlio Abonjo, Ricardo De Barreiro



CASTRATI

2017 | 3' | Español

Dirección: Edu Lavandeira

Producción: Tamara Blanco

Elenco: Chela Santalla, David Perdomo

Vai de: Que pasaría se o amor da túa vida fose un castrati? O que uniu o amor, que non o separe a cirurxía.

Xénero: Comedia

O detalle: Estrea absoluta desta curta do realizador Edu Lavandeira, que competiu xa en varias edicións do Festival de Cans.

O detalle: a curta viaxará ata Cannes no "Short Film Catalog" do Short Films Corner. Forma parte do proxecto Visións.

PEQUEÑA SILENCIOSA

2017 | 17' | Español

Dirección: Carlos Alonso Ojea

Producción: Reinaldo Lancaster

Guión: Maika Valero, Carlos Alonso Ojea

Son: Laia Casanovas

Fotografía: Maria Codina

Edición: Felipe Bravo

Música: Joan Vila

Arte: Marti Flotats

Elenco: Ada Estiarte, Carlus Fàbrega, Montse Morillo

Vaide: Olivia e Héctor están pasando por unha profunda crise na súa relación. Cando parece que as cousas non poden ir peor, a súa filla René desaparece. Xa nada volverá a ser o mesmo.

Xénero: Drama

O detalle: o realizador tudense residente en Barcelona Carlos Alonso Ojea levou o premio ao mellor guión con *Hogar Hogar* 2014 en Cans.

EMPTY

2016 | 5' | Galego

Dirección, produción e guión: Beatriz Vilariño González

Son: Leo García

Fotografía: Marcos Del Villar Ruiz

Arte: Carla Moreno Coll

Elenco: Greta Fernández

Vai de: Unha rapaza aparece nun lugar baleiro e abstracto no que terá que loitar cunha serie de imaxes, obxectos e sentimentos sobre ela mesma e o mundo que a rodea.

Xénero: Experimental

O detalle: a protagonista é filla do coñecido actor Eduard Fernández.

VOLANT

2016 | 17' | Español

Dirección e guión: Raquel Pérez

Producción: Carmen Ruiz

Son: Carmen Ruiz

Fotografía: Omar Rabuñal

Elenco: Manuela Varela, Mónica Pérez

Vai de: Unha muller cuestiona quen nos colle as mans no noso camiño...

Xénero: Aventura - Comedia

O detalle: A directora desta curta concibiu inicialmente esta a peza para o certame Doble-Rol, no que un actor ou actriz ten que facer varios papeis.

AAVA

2016 | 6' | Finlandés

Dirección, produción, guión e edición: Andrea Zapata Girau

Operador de cámara: Juna Mehtäläinen, Andrea Zapata Girau

Son: Javier Abreu, Lasse Posser

Elenco: Silvia Eliana Aedo, Sonja Linnea Halkin, Julia Amelia Girau

Vai de: Hanna reflexiona sobre as súas dificultades cotiás para conciliar unha profesión artística que lle apasoa co coidado da súa filla Aava, á que deixa cada día coa súa sogra chilena.

Xénero: Drama



AREA

2017 | 11' | Galego

Dirección: Anxos Fazáns

Producción: Daniel Froiz, Silvia Fuentes

Guión: Anxos Fazáns

Son: Xavier Souto

Fotografía: Alberte Branco

Edición: Jorge Coira

Arte: Jaione Camborda

Elenco: Tamar Novas, Nerea Barros, Maria Roja

Vai de: Máis alá da narración dunha despedida, Area fala do proceso creativo dende o punto de vista de quen escribe. Penetra na mente do escritor que emprega a ficción para descubrirse nas súas palabras.

Xénero: Drama romántico

O detalle: Estrea absoluta da nova curta de Anxos Fazáns, que se atopa en plena rodaxe do seu primeiro filme, *A estación violenta*.

LA MADRINA

2017 | 9' | Español

Dirección e produción: Pedro Sancho

Guión: Juanma Pina

Son: Daniel Álvarez

Fotografía: Carlos Garcés

Edición: Pablo M. Lara

Música: Jingle Django

Arte: Laura Gómez González

Elenco: Sheyla Fariña, Arantxa Aranguren, Raquel Guerrero, Mario Alberto, David Muro, Juan Caballero

Vai de: Ás veces a madriña non só elixe a cor das flores na voda. Definitivamente, hai días nos que aínda que un vaia casar é mellor non saír da casa.

Xénero: Comedia

O detalle: O realizador vigués Pedro Sancho está por segunda vez na competición de Cans. Estrea en Galicia.

LOCALE

2017 | 18' | Galego

Dirección: Luis Solarat

Producción: Inferno Mortal

Son: Toni Penido

Fotografía: Bluemission

Arte: Sonia Vera

Elenco: Luis Taboada, Xoque Carvajal, Luisa Brea

Vai de: John esta a visitar un estrano lugar, faino en soños... É este lugar real, ou un produto da sua imaxinación?

Xénero: Ciencia ficción

O detalle: nesta curta rodada no antigo poblado mineiro do Fontao, o autor logra unha sofisticada atmósfera de ciencia ficción.

I SEE YOU EVERYWHERE

2016 | 4' | Español

Dirección e guiión: Rubén Méndez

Producción: Rubén Méndez, Oscar Doviso, Mariana Romero

Son: Sebastián Mato

Fotografía: Adrián González

Edición: Mariana Romero

Música: Iván Caride

Arte: Mariana Romero

Elenco: Oscar Doviso, Beatriz Cid

Vai de: Un home solitario obsesiónase cunha canción... só que as cancións ás veces non rematan tan ben como comentan.

Xénero: Crime, horror, psicolóxico, thriller

O detalle: Ollo á lograda estética dos anos 70 que ten a curta.



ALBORES

2017 | 16' | Galego

Dirección, guión, montaxe: Miguel Gómez Abad

Producción: Miguel Torres Barrán

Son: Manuel Lucas Mariño, Miguel Torres Barrán

Fotografía: Miguel Gómez Abad, Breogán Martínez Gómez

Música: Nicolas Doldan Sainz

Elenco: Mateo Guerreiro Rodríguez, Adam Suárez Azogue, Alexandre Fernández Jiménez

Vai de: Un rapaz reláxase nunha praia baleira. Come unha mazá. Entérraa. Algo acontece. Algo, de primeiras, imposible. Fai sol, pero síntese o frío. É inverno.

Xénero: Drama psicolóxico

O detalle: Estrea en Galicia desta curta que a pesar de non ter diálogo, transmite unha gran intensidade.

AS VACAS DE WISCONSIN

2016 | 16' | Galego

Dirección e guión: Sara Traba

Producción: María José García

Son: Isa Figueras

Fotografía: Miguel Ángel Raió

Edición: Iván Guarnizo

Música: Iago Marta

Elenco: Pilar Pereira, David Gundín, Amada Traba, Rubia

Vai de: Señora e Vaca son amigas. Vaca xa non da leite, porque é moi vella, como Señora. Señora descobre que en Wisconsin, as vacas que escoitan música sinfónica dan máis leite. Por que non ía a suceder o mesmo coa súa amiga?

Xénero: Drama fantástico

O detalle: Curta finalista nos últimos premios Mestre Mateo.

THE TRIP

2016 | 4' | Español

Dirección: Eva Alonso

Producción: Iago Vázquez

Guión: Vicente Rodríguez

Fotografía e edición: César Seijas

Música: Paul Álvarez

Elenco: Tiago Rodríguez, Chus Álvarez

Vai de: O percorrido de dúas viaxes emocionais distintas levadas ao cabo ao mesmo tempo. Esta familia está contaxiada por un mal que hoxe en día ten á nosa sociedade enferma: os malos tratos.

Xénero: Drama

O detalle: Forxada no mundo do teatro, é a primeira e interesante curta da directora coruñesa Eva Alonso.

LIEBRE

2017 | 15' | Español

Dirección e produción: Juan Rodiño

Guión: Juan Rodiño, María Posada, Javier Martínez, Pedro Coto, Álex R. Moreira, Melo Mourenza

Son: Celia Almuedo, Pedro Coto, Carlos Rodríguez

Fotografía: Juan Rodiño

Edición: Juan Rodiño

Arte: Mayte Lamana

Elenco: Carlos Álvarez, Ángel Sousa, Ana G. Guisado, Roberto Bambino García, Celia Valencia

Vai de: Runner é un tipo raro obsesionado co atletismo. Vai de local en local buscando con quen charlar un intre e compartir experiencias deportivas. Hoxe son Ángel e o instinto quen lle din a Runner que poderían compartir algo máis que una simple conversa.

Xénero: Thriller de ciencia ficción

O detalle: o realizador Juan Rodiño é arquitecto de formación e reside habitualmente en Filipinas.



Animación

A animación regresa un ano máis a Cans, e faino cunha sección que mestura realizadores ben curtidos e premiados internacionalmente como Alberto Vázquez, cunha excelente camada de novos creadores e creadoras saídos de centros de formación galegos como David Fidalgo Omil, Borja Santomé, as directora de *The magic oven* ou Miguel Puime. Son un grupo de autores e autoras que usan técnicas moi diversas máis alá da animación tradicional e que nos sorprenden ano tras ano. Cans sempre é un bo lugar para descubrir o que están facendo antes que ninguén así que non perdades estas 6 curtas de animación!

LAGO SABROSO

2016 | 3' | Español

Dirección: Borja Santomé

Producción: Borja Santomé

Vai de: Unha historia incompleta e borrosa, un simple elemento palpitante que fala do autor e da súa cidade.

O detalle: Residente en Londres, Borja Santomé é un dos autores galegos de animación que utiliza unha técnica máis arriscada.

YOU ON ME

2016 | 3' | Español

Dirección: Miguel Puime

Producción: Escola de Imaxe e Son de Vigo EISV

Animación: Miguel Puime

Vai de: Un androide fará o imposible por conseguir enerxía nunha cidade abandonada.

Xénero: Aventura

O detalle: Esta curta supón a primeira inclusión na animación do xoven realizador Miguel Puime.

SINCERAMENTE, YO YA NO RAZONO

2017 | 11' | Español

Dirección, produción e animación: David Fidalgo Omil

Vai de: Retrato irónico e crítico sobre un de tantos sucesos machistas na televisión.

Xénero: Experimental

O detalle: David Fidalgo, forxado na sección de animación do Festival de Cans, basea a súa curta nos diálogos dun programa televisivo que seguro que recoñecerás.

THE MAGIC OVEN

2016 | 4' | Español

Dirección, produción, animación: Andrea Sánchez, Natalia Senra Sanmiguel, Sandra Varela Quiñoy

Producción: Andrea Sánchez, Natalia Senra Sanmiguel, Sandra Varela Quiñoy

Música: Manuel Riveiro

Vai de: Rodolfo, un cociñero de prestixio, garda un gran segredo dentro da súa cociña. Sen embargo, a súa actitude avariciosa fará que se meta nalgúns problemas.

Xénero: Fantasía

O detalle: Curta finalista nos premios Mestre Mateo



DECORADO

2016 | 11' | Español

Dirección: Alberto Vázquez

Producción: Iván Miñambres, Nicolas Schmerkin

Guión: Alberto Vázquez

Edición: Iván Miñambres

Animación: Khris Cembe, Pamela Poltronieri, Roc Espinet

Son: David Rodríguez

Arte: Alberto Vázquez

Música: Víctor García

Vai de: O mundo é un maravilloso escaerio, pero ten un reparto deplorable.

Xénero: Comedia, drama, fantasía

Temática: Psicoloxía, relacións

O detalle: Goya á mellor curta de animación na última edición dos Premios.

ACTIVIDADE CINEXÉTICA

2016 | 1' | Galego

Dirección e produción: Daniel Viqueira Carballal

Vai de: A actividade cinexética o arte da caza regula a conservación das especies cinexéticas, o seu aproveitamento sustentable e o control poboacional da fauna silvestre, unha peza clave para que suceda isto é o ser humano

Xénero: Wildlife Movie

O detalle: esta curta supón a segunda participación en Cans do realizador Daniel Viqueira.



VIDEOCLIPS

O concurso de videoclips do Festival de Cans é un evento de enorme popularidade que representa o gran escaparate do último que se está a facer en Galicia. A selección desta edición do Festival reflicte a rica diversidade de grupos e de creadores, con estilos moi variados á hora de facer música ou de crear videoclips. Nesta 14ª edición do festival poderemos escoitar pop, rock, folk, hip-hop, ska ou incluso metal como ritmos protagonistas de pezas dirixidas por vellos coñecidos do Festival como e xa premiados con anterioridade como Javi Camino, Fran X. Rodríguez, Xaime Miranda ou Soledad Rebollo e unha nova xeración de realizadores como Antón Varela, Manuel Caamagno ou Sara Iglesias.

1. Ánima, "La arquitectura del hielo". Dirixe: Miguel Ángel Fernández Barri
2. Arrhythmia, "Tan só notas". Dirixe: Álvaro López Barreiro
3. Avecrem, "Bosnia y Herzegovina". Dirixe: Sara Iglesias
4. Cintaadhesiva, "O deserto". Dirixen: Jesús Tejada e Silvia Penas
5. Dakidarría, "Lume". Dirixe: Julián Maguna
6. Escuchando elefantes, "Volveré". Dirixen: Carlos Tajés e Sílvia Rábade
7. Ezetaerre, "Mao a mà". Dirixe: Juan Sebastián Pirola
8. Guadi Galego, "Vida". Dirixe: Carlos Lago "O Terser Home"
9. Igloo, "Restos de un naufragio". Dirixe: Fran X. Rodríguez
10. Linda Guilala, "Abstinencia". Dirixe: Javi Camino
11. Malandrómeda, "Bótalle caldo". Dirixe: Manuel Caamagno
12. MoonCresta, "Sweet Innocence". Dirixe: Juan Martínez
13. Oh! Ayatollah, "Mi re la". Dirixen: Xaime Miranda e Antón Miranda
14. Selvática, "Mi ciudad". Dirixe: Carlos Martínez-Peñalver
15. Sr. Anido& Sra. Álvarez, "It came from outer space IV". Dirixe: Javi Álvarez
16. Van Marban, "Dutch girl". Dirixe: Gero Costas
17. Villanueva, "Ella". Dirixe: Soledad Rebollo
18. Woyza, "Pelea". Dirixe: Isaura Docampo
19. Ivy Moon, "Hallucinogenic". Dirixe: Antón Varela



XURADOS

Xurado das curtametraxes

Luisa Romeo. Produtora e socia fundadora de Frida Films. Entre os seus últimos proxectos destaca o filme *María (y los demás)*, de Nely, Reguera. Na actualidade traballa na produción das próximas longametraxes de Isabel Ayguavives e Xacio Baño.

Mara Torres. Xornalista, escritora, locutora de radio e presentadora de televisión. Ao longo da súa traxectoria profesional traballou en varios programas da Cadena SER e en RTVE presentando La 2 Noticias, o informativo máis premiado da historia da televisión.

José Antonio Quirós. Cineasta asturiano e habitual do Festival de Cans cunha ampla traxectoria na que dirixiu filmes como *Pídele cuentas al rey*. Caracterízase pola alternancia da temática social e o humor na súa obra. Acaba de estrear *Trilogía del Paraíso*, a terceira parte dunha miniserie de ficción que se pode ver na Televisión Pública Asturiana (TPA).

Sonia Castelo. Actriz galega. Sonia ten traballado en emblemáticas series da TVG como *Mareas vivas*, *Rías Baixas* ou *Fontevalba* e tamén en coñecidas ficcións da televisión española como *Policías*, *en el corazón de la calle* ou *Motivos personales*.

Diana Toucedo. Cineasta, montadora e docente. Na actualidade traballa nas súas dúas longametraxe *Puerto deseado* e *Trinta lumes*. Ademais tamén imparte clases na Universidade Pompeu Fabra, na UAB e na ESCAC.

Alfonso Zarauza. Guionista e director. Na súa filmografía destacan as longametraxes *A noite que deixou de chover*, *Encallados* e *Os fenómenos*. Na actualidade, prepara o seu novo filme, *Ons*.

César Goldi. Actor. Unha das caras máis coñecidas do país no mundo do teatro e na pequena e grande pantalla. Lembrarédolo polos seus papeis en *O Faro*, *Mareas vivas*, *Hospital Real*, *Libro de familia* e un longuíssimo etcétera.



Xurado dos videoclips

Marta Gómez. Xornalista cultural. Actualmente leva a sección musical dos programas Zigzag e Eirado na TVG, dous espazos que queren dar visibilidade a grupos galegos, e dende onde se lle dá cobertura a moitos dos eventos do país.

Judas Diz. Director e guionista. Ten traballado en coñecidas series da TVG, proxectos para Antena 3 e Canal + e no mundo do cinema.

Manu Viqueira. Realizador e videomaker especializado en motion graphics e postproducción. Entre os seus últimos traballos atópase o clip da canción *Troubled Times*, do grupo Green Day.

Marta Larralde. Aínda que comezou a súa carreira como guionista, directora e axudante de dirección, sentiuse atraída pola interpretación e na actualidade nunha das actrices galegas de maior proxección.

Xurado dos veciños e veciñas

Jesusa Fortes, “Susa do Barbado”. Susa ten 74 anos e é taberneira xubilada. Estivo ó fronte do histórico Bar Barbado, no barrio dos Eidos.

Milagros Ramilo, “Milagros de Ramilo”. Milagros ten 73 anos e traballou como ama de casa e foi tamén emigrante en Francia. Representa ó barrio da Graña.

María Rodríguez Campos, “Maruja da Capilla”. Naceu no barrio da Pedreira, debaixo do Monte Castelo. Ten 66 anos e é xubilada de Frigolouro, onde traballou toda a vida.

Ramón Areal Quintas, “Moncho de Perucho”. Ten 46 anos e é carpinteiro de aluminio. É do barrio da Buraca.

Sandra Carballo. Ten 24 anos, traballa como auxiliar de enfermaría e vive no barrio de Eidos.



MÚSICA

Serán d@s veciñ@s

Pandereteiras de Cans e acordeonistas “Acordecans”

Mércores 24 | 19h30 - Rotonda do Can | 20h30 - Baixo do Moncho

Antes da actuación que ofrecerán tamén no Serán d@s veciñ@s, a Rotonda do Can de Cans acollerá neste especial momento a estrea mundial do tema “Acuque”. Este será un dos momentos máis emocionantes da xornada para toda a veciñanza.

Desfile de chimpíns

Os Zoqueiros

Xoves 25 | 19h00 | Praza do Concello (Porriño)

Prepararémonos para o inicio da procesión de chimpíns acompañados pola banda de gaitas Os Zoqueiros, os mellores representantes da vixencia da música tradicional galega no centro do Porriño.

Electric Feels

Xoves 25 | 21h00 | Praza do Concello (Porriño)

Na tarde noite do xoves 25 de maio chegarán á Praza do Concello de Porriño os irmáns mellizos Héctor e Nico Iglesias, máis coñecidos como Electric Feels. Estes novísimos DJs de 14 anos xa contan cunha dilatada experiencia actuando en diversos festivais coma o Sinsal, O Marisquiño, AtlanticFest, Ourense ICC Week, MadCool, Osa do Mar ou mesmo sendo escollidos polo propio Bunbury para abrir un dos seus shows.

Escuchando Elefantes

Xoves 25 | 23h30 | Praza do Concello (Porriño)

O grupo Escuchando Elefantes actuará no Festival de Cans tras o concurso de videoclips da Noite Gía. Esta banda -formada por Silvia Rábade e Carlos Tajés- é actualmente unha das favoritas do público pola forza e o dinamismo que transmiten en cada unha das súas cancións. Tras percorrer Europa compartindo experiencias con músicos como Bono, Kodaline ou Lisa Hannigan, chegarán ao Festival de Cans para presentar en concerto “Hope”, o seu novo traballo.

Procesión de Chimpibuses

Treboada Baixo Miño

Venres 26 | 21h30 | Dende o Baixo do Moncho ata o Torreiro de Cans

Caracterizados polo poder de usar os bombos e as súas percusións, a Treboada Baixo Miño representa o máis fondo da tradición musical miñota. Entre o lúdico e o solemne, chegan a Cans para acompañar á procesión de chimpíns dende o Baixo do Moncho ao Torreiro de Cans. (Coa colaboración do Concello de Tomiño).



Corizonas

Venres 26 | 00h00 | Torreiro de Cans

Esta superbanda resultante da unión de Arizona Baby e Los Coronas traerá ata Cans un album soberbio, “Nueva dimensión vital”. Este innovador proxecto está repleto de sorpresas onde a banda, sen perder a súa identidade, amosaranos un explosivo directo co que fará vibrar a todo o Torreiro de Cans.

Sesión Discochimpín con DJ Rojiblanco (Julio Ruiz)

Venres 26 | 01h30 | Torreiro de Cans

Julio Ruiz (responsable do programa “Disco Grande”, de Radio 3), leva un uniforme que pode variar de cor, pero sempre levará un motivo rojiblanco. Rara vez adoita retroceder máis alá do principio dos 90 nas súas sesións e aliméntase preferentemente do pop británico.

SÁBADO (TORREIRO E DESFILES)

Banda de música de Rubiós

Sábado 27 | 13h00 | Torreiro de Cans

Fundada en 1892, a Banda Popular de Rubiós é unha institución na provincia e chega a Cans disposta a ofrecernos un pasarrúas e unha sesión vermú no torreiro cun repertorio con sabor popular, onde non faltarán músicas de cine. (Coa colaboración do Concello de As Neves)

Procesión de chimpibuses

Charanga Sghae de Salceda de Caselas

Sábado 27 | 15h30 | Dende o barrio do Castillo ata o Torreiro

Unha das formacións de música de rúa máis activas nos últimos anos. Cunha potente base de instrumentos de vento, chegan a Cans co seu repertorio festivo para completar un dos poucos festivais nos que faltaban por actual. Coa colaboración do Concello de Salceda de Caselas.

Adrián Costa & The Criers

Sábado 27 | 19h30 | Torreiro de Cans

Hai dous anos fíxonos vibrar a todos no Cans Voulevar. Agora regresa ao Torreiro. Esta formación, liderada polo cantante e guitarrista Adrián costa, daralle unha volta ao son dos anos 60 e recrearase nunha enorme espiral de influencias: dende o son de Nova Orleans ata os primeiros The Kinks, sen esquecer as súas reminiscencias latinas. Unha banda de gran carácter vocal sen reparo a mesturar equipos de válvulas con sintetizadores poralle música “modern vintage” á tarde do día grande do Festival.



FamiliaCaamagno

Sábado 27 | 00h00 | Torreiro de Cans

Familia Caamagno encargárase de executar ao vivo undos seus xa afamados e enérxicos shows, coa sa intención de cumprir un dos seus consabidos obxectivos fundacionais: corromper e dexenerar á mocidade do século XXI a través do baile e a diversión sen fin do rock'n'roll. Chegan os de Sigüeiro!

Terbutalina

Sábado 27 | 01h30 | Torreiro de Cans

Terbutalina faiche bailar como se te duchases todos os días en augardente. Desde a súa formación en 2010, este quinteto non parou de tocar, de medrar e divertir a todo o mundo. Estes cinco monógamos e promiscuos galegos pasearon o seu intenso garage-punk por infinidade de festivales e salas. O seu penúltimo LP, "A muerte", resultou gañador do Premio a Mellor Álbum en Galego nos Premios da Música Independente. En novembro de 2015 lanzan o seu último traballo, "Al otomano se le va la mano". Non podemos engadir nada máis que no sexa: pre-pa-rá-de-vos! Se vos portades ben e bailades moito pode que avancen algo do seu próximo disco "Sonido Esteiro".

Sesión Discochimpín con El Cuerpo del Disco

Sábado 27 | 2h30 | Torreiro de Cans

Música disco, funk e techno pop pecharán o día grande do Festival coa nosa tradicional sesión de discochimpín. Habituais de cafés e salas madrileñas, estes dous irmáns chegan a Cans dispostos a poñer o fin de festa.

ESPАЗO MAHOU NA LEIRA DE ALICIA



Concerto Mahou Cinco Estrellas.

León Benavente.

Venres 26 | 20h00 | Espazo Mahou na Leira de Alicia

***Aforo limitado a 500 persoas. As pulseiras acreditativas poderán recollerse no posto de merchandising a partir das 17h00.**

A música rock de León Benavente ten melodías pegadizas e certos escuros toques oitenteros tal e como se pode comprobar no seu primeiro single, "Ánimo, valiente", canción que se colou nos rankings de mellores do ano nas principais publicacións estatais. Cunha música que é alabada tanto pola música coma polo público e tras visitar as principais salas e festivais máis recoñecidos do circuíto independente español, León Benavente aterriza en Cans co seu segundo álbum, "2", na man e dispostos a encandilar a todo o público con el.

***CONDICIÓN DE ACCESO**

Acceso libre e gratuíto ata completar aforo, limitado a 500 persoas. Require recollida previa de pulseira no posto de merchandising á beira do Torreiro. Só se poderá coller unha pulseira por persoa de xeito presencial, que se poñerá no momento. Non se farán reservas. Recollida de pulseiras desde ás 17,00 horas.

Sesión Discochimpín con Edu Romero DJ

Venres 26 | 22h00 | Espazo Mahou na Leira de Alicia

Vigués, baixista dos desaparecidos Nadadora, cofundador de Coconut Producciones e apaixonado da música. Como bo fan do underground dos 90s e dos ritmos máis bailables sen prexuízos, promete unha sesión dj do máis movidiña.

Concerto Mahou Cinco Estrellas.

Eladio y los Seres Queridos

Sábado 27 | 20h30 | Espazo Mahou na Leira de Alicia

Entrada libre ata completar aforo.

A banda viguesa tocará ante o público de Cans as cancións do seu último traballo, "Cantares", recoñecido nos últimos premios MIN da Música Independente 2017 como o mellor álbum en galego do ano, pero tamén rescatará unha parte importante dos seus temas de sempre e, como non, ofrecerá unha exclusiva actuación do tema oficial desta edición do Festival, "Se ti vés comigo a Cans". O artista avanzou que prepara sorpresas.

Sesión Discochimpín con Nico Pastoriza DJ



Sábado 27 | 22h30 | Espazo Mahou na Leira de Alicia.
 Histórico da música viguesa onde liderou bandas como *Ectoplasma* ou *Bromea o Qué?*,
 Pastoriza reaparece na súa nova versión de DJ especializado no “sonido Manchester”.

CANS VOULEVAR E JALIÑEIRO

Cora Sayers

Sábado 27 | 16h30 | Cans Voulevar

Cora Sayers -nome artístico da actriz Cora Velasco- comezou a súa andanza na música participando en bandas de diferentes estilos como 1000 Demonios Blues Band, Querido Extraño ou Late Kicks , nas que aportou a súa voz principalmente como corista. Agora, a artista chegará ao Voulevar de Cans, tras xirar por Europa, tocando en Lisboa, Oporto, Burdeos, París, Bruxelas, Berlín, Colonia e Copenhague.

Uxía

Sábado 27 | 18h30 | Jaliñeiro

Entrada proxección Frágil Equilibrio + actuación Uxía | 5€ (aforo 80 persoas)

O filme *Frágil Equilibrio*-gañador do Goya ao mellor documental na última edición dos premios- proxectarase na sala Multiusos ás 16h30. Ao remateda proxección, a cantante Uxía ofrecerá un exclusivo concerto no que interpretará “Muerte” a canción do filme composta por Zeltia Montes que estivo nomeada na última edición dos Premios Goya na categoría de mellor canción.

Roger de Flor e Os Silvestres

Sábado 27 | 18h30 | Cans Voulevar

Roger de Flor está xa preparado para chegar ao Voulevar de Cans con con Os Silvestres (Marqués das Vinhas, Sergio Galego e Cabe García) para reivindicar a música en galego e o espírito lúdico dos seus directos.



Radio Océano

Sábado 27 | 21h30 | Jaliñeiro

Entrada escolma de pezas audiovisuais + actuación de Radio Océano | 5€ (aforo 80 persoas)

Neste ano 2017 cúmprense 30 anos da saída do primeiro e único disco de Radio Océano, *Esto no es Hawai (nin falta que fai)* (1986). O Festival de Cans quere celebrar esta efeméride cunha das contadas xuntanzas que terá este ano a banda e rescatando unha selección das súas pezas audiovisuais -algunhas case descoñecidas-. Ao remate da proxección terá lugar unha actuación en directo de Radio Océano no Jaliñeiro.

Os Carunchos

Sábado 27 | 22h00 | Cans Voulevar

Os Carunchos son un grupo de folk tradicional galego que nace a finais de 1994. Nestes 20 anos sobre os escenarios teñen percorrida toda a xeografía galega de festa en festa sempre comprometidos co país, a nosa cultura e a conservación da lingua. Mesturarán cancións do novo disco "Cantares" cos seus temas máis tradicionais.



LONGAMETRAXES

Esquece Monelos

2016 | 78' | Galego

Dirección: Ángeles Huerta

Guión: Ángeles Huerta, Antón Núñez

Produción: Gaspar Broullón, Marta Eiriz

Montaxe: Sandra Sánchez

Son: David Machado

Música: Sergio Pena

Vai de: Unha película sobre os meandros da memoria, sobre ríos sepultados, sobre todas esas cousas que primeiro agochamos e logo esquecemos que están aí. Ata que -un día calquera, sen avisar- chove de máis e as tuberías rebentan. O río da Coruña chámase Monelos. Ou Mesoiro. Ou rego de Beneirón. Dende o seu nacemento, por un lado nos altos de Feáns e polo outro en Pastoriza, até que morre en San Diego, recibe moitos nomes e acolle centos de historias. Agora, a maior parte do seu traxecto discorre baixo terra. Baixo terra están, tamén, as súas memorias.

Xénero: Documental

O detalle: Este documental acaba de ser seleccionado no prestixioso festival DocumentaMadrid. Esta é a primeira longametraxe de Ángeles Huerta, que acadou o premio ao mellor guión no Festival de Cans 2015 pola súa curtametraxe *"The Fetch"*.

Mércores 24 | 17h00 | Baixo de Bugarín
Coa presenza da realizadora (proxección + coloquio)

REBOBINANDO, O FILME CONTADO

Migas de pan

2016 | 88' | Español

Dirección: Manane Rodríguez

Guión: Manane Rodríguez, Xavier Bermúdez

Produción executiva: Chelo Loureiro

Montaxe: Sandra Sánchez

Producido por: Xamalú Films, RCI Producciones

Reparto: Cecilia Roth, Justina Bustos, Stefanía Croce, Sonia Méndez, Ernesto Chao, Artur Trillo.

Xénero: cinema político



Sinopse: Liliana Pereira, estudante e nai dun bebé, é secuestrada e torturada baixo a temible ditadura uruguaia. No cárcere, o apoio das súas compañeiras de cela fortalécea para saír adiante. Tras anos de exilio en Galicia, entérase de que vai ser avoa e decide regresar a Uruguai. Entre outros temas, ten un asunto pendente: participar na denuncia do inferno sufrido na súa xuventude.

O detalle: Rodada entre Galicia e Uruguai, “Migas de pan”, foi o filme seleccionado por Uruguai como candidato ós Óscar 2017 na categoría de mellor película de fala non inglesa.

Xoves 25 | 16h30 | Círculo Cultural e Recreativo (Porriño)

LONGAMETRAXE DE APERTURA ESTREA MUNDIAL

A historia dun satélite

2017 | 75' | Español

Dirección e guión: Miriam Albert- Sobrino, Sonia Albert- Sobrino (AlsoSisters)

Produción: Universidade de Utah e a colaboración especial de "Claqueta Coqueta"

Elenco: Alfonso Míguez, Bárbara Grandío, Jaime Faraldo, Mariana Fernández, Susana Sampedro, Tacho González, Kevin Stewart, Rubén Riós, Patxi Bisquert.

Xénero: Inclasificable! Comedia negra, aventuras, ciencia-ficción e ata cine bélico!!

Vai de: Rafael vive de pequeno un acontecemento que o marcará para sempre: o seupaimorre aplastado por un satélite. Vinte anos despois, Rafael traballa como enterrador, e inicia un rocambolesco periplo vital no que acaba por darse de conta que toda a súa vida estivo orbitando nunha dirección trabucada.

O detalle: O filme foi realizado co amparo da University of Utah (USA), onde residen as Also Sisters. Atención ó sound-track de fondo cos discursos de personaxes da Transición, creando unha interesante liña de tempo paralela.

Xoves 25 | 20h00 | Círculo Recreativo e Cultural (Porriño)
Coa presenza das directoras e do elenco do filme



ESTREA ABSOLUTA

Mar de fondo

(Estrea absoluta. Documental inédito do ano 2003)

Coa presenza e posterior coloquio co director Daniel Guzmán e co escritor Suso de Toro.

2003 | 55' | Español

Dirección e guión: Daniel Guzmán

Produción Executiva: César Benítez, Emilio Pina

Fotografía: Tino Carlón

Montaxe: Nacho Ruíz- Capillas

Música: Berrogüetto, Sés, Xabier Díaz.

Elenco: Manuel Rivas, Suso de Toro, Rubio de Camelle, Julián Hernández, Gran Wyoming, Juan Oliver, Gustavo Catalán, Suso Lista, Juan López de Uralde.

Xénero: Documental

Vai de: Aguilloado pola rabia que lle produciu a catástrofe do Prestige, Daniel Guzmán decide coller unha cámara e percorrer a costa galega de punta a punta neses días infernais de 2002. Guzmán non dubidou en enterrarse no chapapote para obter este documento que 15 anos despois rescatamos, e segue transmitindo intacta a mesma rabia daqueles días.. En paralelo, o documental é un retrato sociolóxico de mariñeiros, xente da rúa, voluntarios e políticos que viviron uns dos episodios máis convulsos da historia recente de Galicia. Coas testemuñas de músicos, escritores, mariñeiros e artistas. Un documento histórico inédito, que segue tendo a capacidade de emocionarnos 15 anos despois.

O detalle: O director Daniel Guzmán era naquel momento un coñecido actor. Polo medio dirixiu o aclamado filme *"A Cambio de nada"*, co que acadou dous Goyas.

Venres 26 | 18h00 | Baixo de Bugarín | Entrada 3€
Coa presenza de Dani Guzmán e do escritor Suso de Toro.



Frágil equilibrio

2016 | 78' | Español

Dirección e guión: Guillermo García López

Producción: Pedro González Kühn, Guillermo García López

Producción executiva: Pablo Godoy-Estel, David Casas Riesco

Fotografía: Pablo Bürmann

Montaxe: Guillermo García López, Victoria Lammers

Música: Zeltia Montes

Son: José Luis Alcaine Bartolomé, Javier Fernández

Xénero: Documental

Vai de: *Frágil equilibrio* é unha historia do presente que mira cara o futuro. Unha reflexión sobre o camiño que está tomando o ser humano. Unha viaxe a través de diversas culturas, lugares e sociedades. Unha proposta de cambio dende o particular ao xeral.

O detalle: Ademais de gañar o premio Goya ao mellor documental na última edición dos Premios, esta sobrecolledora obra audiovisual tamén foi finalista na categoría de mellor canción con Muerte, composta por Zeltia Montes e interpretada por Uxía. Un filme crítico onde o expresidente de Uruguai José Mujica é o narrador principal.

Sábado 27 | 16h30 | Multiusos | 5€ (proxección + concerto de U xía)
Coa presenza e coloquio do director do filme, Guillermo García



Venres 26 | 22h30 | Torreiro de Cans

Premio Pedigree'16: Miguel de Lira

Miguel de Lira é un deses intérpretes que medraron ao mesmo tempo que o foi facendo audiovisual propio de Galicia. Ten actuado en filmes representativos do noso cinema como A esmorga de Ignacio Vilar, Os Fenómenos de Alfonso Zarauza ou Somos gente honrada de Alejandro Marzoa. Pero, ademais da súa traxectoria en longametraxes, Miguel de Lira é un actor versátil, que ten traballado en curtas, na televisión e no teatro. O seu personaxe de Evaristo Currás na serie Mareas Vivas convertiuno nun actor icónico en Galicia, e a súa labor como fundador da Compañía Chévere desde 1986 estivo recompensada co Premio Nacional de Teatro en 2015. O Festival de Cans non só premia a Miguel de Lira polo seu amplo currículo, traxectoria e versatilidade como actor, senón tamén polo seu compromiso coa sociedade, a cultura do país e o entorno que o rodea.

Chimpíns de Prata 'Premio Pepe Puime'

Jorge Coira. Director, realizador e montador. Coira é un profesional que sempre estivo moi vinculado ao Festival de Cans: desde as primeiras edicións ten participado como xurado, como colaborador nas charlas de “Cans de futuro”, falando sobre a súa experiencia como director e como montador diversos coloquios e poñendo en marcha a actividade “Café con CREA” desde a Asociación de Directores e Realizadores de Galicia que presidiu ata o pasado ano.

Feliciano Bernárdez, “Xano”. Chimpineiro máis veterano do Festival con 76 anos. O chimpín de Xano ten levado a ducias de directores, directoras, actores, actrices e personalidades que visitan Cans. O premio a Xano quere ser tamén un recoñecemento ao patriarca dunha familia moi implicada co festival: desde a súa filla Rosa -coordinadora dos guías dos camiños-, ata os seus netos Mario e Óscar -que comezaron acompañando ao seu avó no chimpín e agora son membros activos na organización do certame-.



Coloquio na Leira con Montxo Armendáriz

Sábado 27 | 12h00 | Leira de Alicia -Espazo Mahou

Juan Ramón Armendáriz Barrios (Navarra, 1949), máis coñecido como Montxo Armendáriz, é un director de cine e guionista español. Foi galardoado en dúas ocasións co premio Goya e estivo nomeado nunha ocasión aos premios Oscar na categoría “mellor filme estranxeiro” por *Secretos del corazón*.

Guionista e produtor da maioría dos seus traballos, Armendáriz debutou como director de longametraxes en 1984 co drama *Tasio*, filme co que gañou o Fotogramas de Prata á Mellor Película. Tras varios traballos, a súa gran oportunidade chegou ao optar ao premio Oscar por *Secretos del corazón*, un drama baseado en dous nenos que visitan unha vella casa ás aforas dunha pequena aldea de España. Dende este momento, Armendáriz comezou a ser coñecido internacionalmente.

No 2001 estreou *Silencio roto*, un drama protagonizado por Lucía Jiménez e Juan Diego Botto en compañía de Mercedes Sampietro e Álvaro de Luna. Foi un éxito en taquilla ao conseguir recadar máis dun millón de euros. Catro anos despois estreou *Obaba*, un filme baseado na novela 'Obabakoak' de Bernardo Atxaga. Esta longametraxe amosa un plano máis maduro de Armendáriz cun guión sólido e un gran número de actores e actrices coñecidos: Pilar López de Ayala, Juan Diego Botto... Finalmente e tras un lustro, Armendáriz volveu estreitar outro filme, nesta ocasión *No tengas miedo* (2011), unha historia sobre as secuelas dos abusos sexuais na infancia. Michelle Jenner dá vida á protagonista e xunto a ela figura no reparto a parella formada por Belén Rueda e Lluís Homar.

Todas estas cousas e moitísimas máis son as que contará na Leira de Alicia, que se vestirá de gala no día grande do Festival para escoitar a este prestixioso cineasta.

Café con CREA

Venres 26 | 10h00 | Baixo do Moncho

A Asociación de Directores e Realizadores de Galicia terá, como cada ano, un encontro dentro do marco do Festival de Cans. Nesta ocasión, contarán coa presenza de Guillermo García, director do documental *Frágil equilibrio* e gañador dun premio Goya.



Encontro con realizadores e realizadoras de videoclips

Xoves 25 | 18h00 | Bar Liceum (Porriño)

Os creadores e creadoras de clips tamén terán o seu espazo de debate e posta en común de ideas dentro do Festival. Será no día da Noite Gía dos Videoclips nun encontro que terá lugar no centro do Porriño esa mesma tarde e que estará moderado por Marta Gómez -xornalista cultural especializada en música- e por Manu Viqueira -recoñecido creador audiovisual e autor do último videoclip da banda estadounidense GreenDay-.

Dalle caña: encontro con curtametraxistas

Sábado 27 | 16h30 | Espazo Mahou na Leira de Alicia

Os autores das curtametraxes da sección oficial a concurso manterán un encontro nun formato informal, ao redor dunhas cañas, no que presentarán as súas producións e debaterán sobre o xénero da curtametraxe, sobre a situación en Galicia dos novos creadores e moitas cousas máis. Isto sucederá en dous momentos da tarde do sábado 27 de maio e estarán a disposición do público para intercambiar opinións tomando unha caña de Mahou tranquilamente.

Encontro AISGE con actores e actrices

Mércores 24, xoves 25 e venres 26 | 11h30 | Baixo do Moncho

A través dun acordo de colaboración entre o Festival de Cans e AISGE e tamén dentro da aposta de potenciación que o Festival quere darlle este ano aos coloquios, analizaranse e debaterase sobre o papel dos actores e actrices na sociedade dende diferentes perspectivas. Os encontros levarán por nome "Pioneiros da interpretación" -con Pilar Pereira, Vicente Nontoto, José Antonio Jiménez-, "Actores e actrices: non é ouro todo o que reloce" -con Evaristo Calvo, Yelena Molina e Isabel Blanco- e "Ser muller e actriz" -con Mariana Fernández e Berta Ojea-.



FILL@SDE CANS

Cada ano, “Fill@s de Cans” é unha sección onde realizadoras e realizadores vinculados ao festival nos traen un prezado agasallo: as primeiras imaxes inéditas dos seus filmes que aínda non foron estreados. En primicia, para os fieis do Festival de Cans. Este ano teremos unha sección moi completa con avances de obras de ficción, de documentais e de animación. Vas poder velo en Cans, antes que en ningún sitio. Diana Toucedo, Alberto Vázquez, Luis Solarat... un luxazo.

Venres 26 | 16h00 | Baixo de Moncho

Los desorientados

Dirección: José Antonio Quirós

Producido por El Nacedón films:

Estado: En montaxe.

O detalle: J.A Quirós é un cineasta de longa traxectoria, director de filmes recoñecidos como “Pídele cuentas al Rey”. Aproveitamos o seu paso como xurado no Festival de Cans para que nos presente o seu novo e singular proxecto.

Trinta lumes

Dirección: Diana Toucedo

Xénero: non-ficción

O detalle: “Trinta Lumes” é a nova longametraxe de Diana Toucedo, que nestes momentos está en proceso de rodaxe.

Día de muertos

Dirección: Carlos Gutiérrez e Mamen Quintas

Producida por Ficción Produccións

Xénero: animación

Sinopse: Salma, unha rapaza orfa despois de varios anos, sae dun pobo de México disposta a indagar na identidade dos seus pais, que só logrará descubrir no Día dos Mortos.

Estado: Filme en fase de posproducción

O detalle: O filme mestura animación 3D, aventuras e misterio e pretende ser unha película para todos os públicos.

Dorian Yates

Dirección: Luis Solarat

Producido por London Real

Xénero: documental

Sinopse: Dorian Yates é un ídolo popular para os británicos. Varias veces campión do mundo de culturismo e un culturista mundialmente célebre. Un día, unha lesión afástao da súa carreira e tivo que reconstruír a súa propia identidade. Agora vive en Marbella explotando a nova dimensión da súa espiritualidade.

Estado: Filme rematado

O detalle: É a primeira longa de Luis Solarat, cineasta da Rúa residente en Londres e forxado no concurso de curtas en Cans. Solarat ten un proxecto para percorrer o mundo buscando personaxes que, co seu discurso, poden axudar a mellorar a vida doutras persoas. Pero, como escolle os personaxes? Quen financia e está detrás dos seus filmes? A todo isto responderá en “Fillos de Cans”. Moi interesante.



Unicorn wars

Dirección: Alberto Vázquez

Producida por: Autour du Minuit (Fr), Uniko e Abano Producións.

Xénero: Animación.

Sinopse: O noso gran creador Alberto Vázquez, que gañou nada menos que dous Goya este ano, volve cun novo filme de animación. Neste caso cunha parodia de cine bélico, con osíños militares que adestran para a guerra definitiva contra os unicornios. En palabras do seu creador, “unha mestura de *“Bambi”* e *“Apocalypse Now”*.”

Estado: En fase de posproducción

O detalle: Forxado no Festival de Cans, onde gañou en dúas edicións, Alberto Vázquez volve unir o seu talento no seu filme co do animador de Cangas Khri Cembe, que curiosamente tamén gañou en Cans o pasado ano a sección de animación. Desta unión non pode saír nada malo.

Full roller derby

Dirección: Ángel Manzano

Autoproducida

Xénero: Documental

Sinopse: Un equipo de mulleres patinadoras que apenas teñen recursos para sacar o clube adiante, e un rudo deporte de contacto. Estes elementos sérvenlle a Ángel Manzano para facer unha interesante proposta que afonda no papel da muller na sociedade do século XXI.

Estado: En fase de posproducción

O detalle: *“Full Roller Derby”* será o debú como documentalista do cineasta Ángel Manzano. Outro creador forxado no Festival de Cans, onde gañou en dúas ocasións o premio do público coas curtas *“Tupper”* e *“Deber”*.



A QUE ANDAS?

Na estela de Fill@s de Cans, hai varios anos abrimos un novo espazo para coñecer filmes en proceso de cocción. É a sección “A que andas?” na que xunto á Asociación Galega de Guionistas descubrimos a dimensión escrita do cinema achegándonos aos guións de películas que se rodarán proximamente ou que están a pechar financiamento.

Nesta ocasión poderemos coñecer o estado das primeiras próximas longametraxes de Enrique Otero, Isabel Ayguavives ou o novo filme de Andrea Zapata-Girau. Boa parte deles xa os puidemos ver en competición en Cans ou noutras seccións do Festival.

Venres 26 | 13h00 | Baixo de Moncho

Debuxos animados

Dirección: Enrique Otero

Producido por Control Z

Guión: Rober G. Méndez e Enrique Otero

Sinopse: Na década dos 80 introdúcense na vida de moitos nenos e nenas os primeiros debuxos animados populares e os “manga xaponeses”. Anos despois, estes debuxos serviranlle a un home de 52 anos, para revivir situacións da súa infancia e explicarlle ao seu fillo cuestións máis complexas da súa vida privada.

Estado: En produción en búsqueda de financiamento.

O detalle: “*Debuxos Animados*” será a segunda longametraxe de ficción dirixida por Enrique Otero, despois de “*Crebinsky*”.

Verán en Ruovesi

Guión e dirección: Andrea Zapata-Girau

Sinopse: “*Verán en Ruovesi*” forma parte dun interesantísimo proxecto da autora, que consiste en facer unha longametraxe con doce pezas curtas ao longo de doce anos. Sempre cos mesmos protagonistas, con actores non profesionais membros da mesma familia. Rodado entre Finlandia e Chile e sempre coa memoria e o exilio moi presentes no discurso.

Estado: Rematada a primeira peza, e en proceso de produción da segunda.

O detalle: A primeira peza deste proxecto, titulada “*Aava*”, está este ano en competición na presente edición do festival.



O camiño do revés

Guión e dirección: Antonio Rodríguez e Oubin Hellot

Producido por Les Filmes du Large (Fr)

Sinopse: Nos anos 60, milleiros de galegos tomaron o camiño da emigración europea buscando un futuro mellor en Francia, Alemaña ou Suíza. O que parecía que nunca se repetiría volveu reproducirse co inicio da crise en 2008. “O Camiño do Revés” será un documental no que, partindo de Galicia, percorrerase Europa para poñerlle cara á crise na zona Euro: gandeiros arruinados, mineiros que toparon as minas pechadas e familias separadas.

Estado: En produción e na busca de coprodutores en Galicia, Portugal e Suíza.

Melita

Guión e dirección: Sonia e Miriam Albert-Sobrino

Producida por Sterling Van Wageren (Fundador Festival de Sundance) e **Universidade de Utah (USA)**

Sinopse: Cando o anunciado falecemento do seu pai se converte en realidade, unha nena xorda de dez anos deberá acatar as arraigadas tradicións da realidade na que vive ou o seu imprudente comportamento terá consecuencias devastadoras.

Estado: en fase de produción.

O detalle: Segunda longametraxe que preparan as Also Sisters, que este ano estean en Cans “*Historia dun Satélite*”. Os roles femininos, o folclore galego revisitado e a temática LGTB non faltarán neste novo filme.

Semana grande

Guión e dirección: Isabel Ayguavives.

Producido por Frida Films.

Sinopse: En plena celebración das festas da Paloma en Madrid, o incendio dun baixo comercial nun edificio modesto e mal conservado, obriga a realoxar ós variopintos inquilinos. Son instalados no Hotel Dulcinea, un céntrico e decadente hotel que mantén acordos cos servizos sociais.

Proxecto seleccionado “Desarrollo de Proyectos Cinematográficos Iberoamericanos Ibermedia”, Fundación Carolina.

Estado: En produción, para rodaxe este verán.

O detalle: “*Semana Grande*” será a segunda longa de Isabel Ayguavives, despois da súa fermosa “*El árbol magnético*”.



JALPÓN DE ALICIA

15 anos de Prestige

Sábado 27 | 11h00 | Jalpón de Alicia

Neste ano 2017 cúmprense 15 anos do afundimento do petroleiro “Prestige” nas costas galegas, en 2002. Aquela catástrofe foimoitomás que un simple naufraxiodun barco. Galicia botouse á rúa con rabia para reclamar dignidade, maistamén para proclamar un cambio de rumbo nasociedade. O “Prestige”, marcou un punto de inflexión na historia recente de Galicia e axitou como nunca se tiña visto as consciencias das galegas e galegos.

Este feito histórico influíutamén nos creadores audiovisuais e a catástrofe inspirou moitas destas obras. O Festival de Cans conmemora esta efeméride facendounha escolma de varias destas obras, algunhas das cales pasaron por éxito en varias edicións do Festival, e outras inéditas. Unha selección de ficción, documental e animación, onde a influencia desta debacle medioambiental se fai sentir desde a rabia ou a pena, maistamén desde o humor.

*(Ver **MAR DE FONDO**, relacionado con esta temática en ficha anterior; páxina 30)

CARCAMÁNS, de Marcos Nine (35 min.)

Ano 2003

Documental

Este foi o traballoco que debutou o realizador Marcos Nine, orixinario da Illa de Arousa. Como illego, o daquelaxove realizador quixorexistrar o impacto do afundimento do Prestigena Illa de Arousa.

CREBINSKY, de Enrique Otero. (10 min.)

Ano 2002.

Ficción Comedia.

A curtametraxe que deu orixe ó que máis tarde sería “Crebinsky” o filme, dirixido polo mesmo autor.

MAN, de Xosé Manuel Abraldes e M. Faraón (12 min.)

Ano 2005

Animación

Manfoisendúbidaunha das persoas que puxo rostro á desolación que supuxo o Prestige. A mortedeste singular artista supuxo a desaparición dunpersonaxelexendario da Costa da Morte e os autores souberon traducir a animación esta desaparición case como unha acción poética



TOXIC PERCEBE, de Xabi Jácome e Martín Fiallega (21 min.)

Ano 2003

Ficción Comedia.

“Toxic Percebe” converteuse na primeira edición do Festival de Cans (ano 2004) nunha curtametraxe da que todo o mundo falaba. A gamberrada de Jácome e Fiallega, coa complicidade de actores xadaquela moicoñecidos, acabou converténdose nunha peza de culto que o Festival de Cans quere rescatar con motivo da efeméride dos 15 anos do afundimento do Prestige.

Miradas de Cans + Furacáns

Miradas de Cans con María Meijide

Sábado 27 | 16h00 | Jalpón de Alicia

A partir da sección “**Miradas de Cans**”, na que se convida a un artista que non sexa do audiovisual a ofrecer a súa mirada da aldea e do festival, Cans comezou o pasado ano as súas residencias de artistas. A intención é que na aldea haxa actividade relacionada co festival todo o ano e, ó mesmo tempo, tratar de que Cans sexa un motor creativo e impulse ós novos creadores. Desta idea naceu o libro “**Cans**” do escritor Carlos Meixide e agora terá continuación no convite que o festival fará á pintora María Meijide, que foi xa ilustradora deste libro. Meijide, infatigable viaxeira e aguda observadora, chega a Cans disposta a presentarnos a súa “Mirada de Cans”, que desenvolverá este ano para recoller o seu froito nos vindeiros meses.

Furacáns, en cambio é unha nova sección que está composta por pezas feitas para “arrasar”, un soplo de aire novo que seguro que dará moito que falar. Unha sección que trata de darlle cabida á creadoras e creadores con xeitos de narrar afastados do convencional, que asumen riscos e tratan de experimentar. Case todos teñen en común que son creadoras e creadores moi novos, pero moi preocupados por utilizar a “memoria”, como materia prima audiovisual, ben sexa a súa propia memoria vital ou o seu interesante pasado familiar. “Furacáns” quere ser un espazo para espectadores que buscan acougo contemplando as imaxes, para espectadores exquisitos e mentes sensibles. As curtas que se proxectarán son: **Volver allí** -de Lucía Estévez-, **Lembranza** -de Al Díaz-, **Jet d'eau** -de Alejandro Pose-, **Homes** -de Diana Toucedo- e **Lar** -de Iria Silvosa e Aldara Pregar-



VOLVER ALLÍ, de Lucía Estévez , 14 min. (2016)

Vai de: O regreso ó paraíso da infancia e os recunchos que a memoria gosta de explorar ata os límites do conflito, son a base destetrallo e dos elementos creativos polos que adoita transitar esta interesante creadora.

O detalle: É a segunda vez que podemos ver en Cans o traballo de Lucía Estévez, unha creadora saída das últimas fornadas da Universidade de Vigo.

LEMBRANZA, de Al Díaz , 21 min. (2017)

Vai de: Al Díaz indaga na increíble historia da súa familia itinerante, a partir duns vellos rolos de película en Super 8. A través destes rolos fai un interesante exercicio de cinefilia co que vaitecendounha historia que afonda no pasado da súa familia natural de Bóveda (Lugo).

O detalle: O autor reside agora en Inglaterra e realizou este filme a partir dunha bolsa que recibiu para desenvolver o seuproxecto na residencia de artistas da Real Academia Española en Roma.

JET D'EAU, de Alejandro Pose. 12 min. (2017)

Vai de: Jet D'Eau é un retrato de familia. Mais non un retrato amable, senón un retrato áspero e difícil sobre a emigración. O autor achégasedunxeito singular á historia da súa familia, ata que faisaír un "jet d'eau", un potente chorro de auga por onde os recordosflúen a presión.

O detalle: Moi interesante observar como a voz en "off", adquire todo o peso da narración. Un off nada convencional.

HOMES, de Diana Toucedo. 12 min. (2016)

Vai de: Os actos dos homes en vida configuran a nosa Historia. Pero... en que momento da nosa vida perde un a súa propia? Moitas das mulleres que esperan hoxe no interior das súas casas, das súas cociñas ao home que marchou, ao fillo, ao pai... manteñen unha ferida aberta que nunca se pechou. Suspendidas do tempo, latexan incansables na espera. A morte ou elas.

LAR de Iria Silvosa e Aldara Pregar. 9 min. (2017)

Vai de: "Lar" é unhaviaxe ó pasado a través das ruínas dunha casa. Dunha casa derrubada que agocha aínda vellos obxectos que un día formaron parte da vida cotíadunha familia.

O detalle: Non perdas detalle de cómo o decadente, o derrubado, agocha case sempre unha enorme carga poética.



Clipmanía: estrea mundial de novo clip de Terbutalina + retrospectiva de videoclips de Eladio y los Seres Queridos.

Sábado 27 | 18h30 | Jalpón de Alicia

Estrea Mundial de “Ninguén che quere”, novo clip de Terbutalina.

Coa presenza dos membros de Terbutalina e do director Gero Costas.

Hai anos, Terbutalina foi unha das primeiras bandas que pasaron por Can Campus, a actividade que o Festival de Cans fixo coa Universidade de Vigo para promocionar as novas bandas que aínda non tiñan nin clip. Agora volven a Cans, convertidos en rock- stars, para tocar no Torreiro e ofrecernos en exclusiva mundial o videoclip do seu tema “*Ninguén che quere*”, avance do que será o seu novo disco “*Sonido Esteiro*”.

Retrospectiva videoclips Eladio y Los Seres Queridos.

Coa presenza de Eladio Santos e do realizador Alberto Baamonde.

Ademais de ser unha banda creadora de magníficas cancións pop, Eladio y los Seres Queridos sempre foi unha formación moi preocupada polas imaxes que xeraban as súas cancións e polos videoclips que as acompañaban. A maioría dos seus clips levan a pegada de artesáns audiovisuais como Manuel Portolés ou dun creador con moito oficio para fabricar fermosas imaxes desde a música como é Alberto Baamonde. Aproveitando a súa presenza en Cans no Espazo Mahou, adicamos unha retrospectiva a esta banda a través dunha selección de videoclips nos que é preciso pararse a degustar as imaxes con calma.

- “*Espanha a las 8*” (3 min.) Ano 2008. Dirección: Alberto Baamonde e Piño Prego.
- “*El tiempo futuro*” (4 min.) Ano 2011. Dirección: Alberto Baamonde.
- “*Con el corazón en la mano*” (4 min.) Ano 2012. Dirección: Alberto Baamonde e Óscar Pardo.
- “*Seremos Santos Inocentes*” (4 min.) Ano 2014. Dirección: Manuel Portolés.



Extra-Cans

Sábado 27 | 21h30 | Jalpón de Alicia

Sección paralela de pezas audiovisuais do máis variado e actual. Curtas, clips, animación... Se che gusta estar á última isto é imperdible!

NÉBOA

2016 | 18' | Español

Dirección: Claudia Costafreda

Producción: Gemma Monzó

Fotografía: Lali Rubio

Son: Pol Plana

Arte: Tania Gabrielli

Elenco: Nieve De Medina, Celso Bugallo, pilar Pereira, Cinta López

Vai de: Telma decide viajar a Galicia con la intención de devolver a Desiderio, el perro que ha heredado tras la reciente muerte de su padre..

Xénero: Drama.

DÍAS Y DÍAS

2016 | 3' | Español

Dirección: David Fidalgo Omil

Producción: David Fidalgo Omil

Animación: David Fidalgo Omil

Vai de: Videoclip oficial da canción "Días y días" de Delafé.

Xénero: Musical

LA FUGA DE LOS 45

2017 | 21' | Español

Dirección: Cristina Caamaño Pérez

Producción: Carlos Fernández Fernández e Javier Málaga López

Guión: Cristina Caamaño, Carlos Fernández, Javier Málaga, Arturo Aguilar e Eduardo Ortiz

Fotografía: Eduardo Ortiz

Edición: David Escusa

Son: Xavier Maruistany e David Beltrán

Música: Arturo Aguilar

Debuxante: Javier Caamaño

Vai de: En 1978, 45 presos da Modelo en Barcelona levaron a cabo unha das maiores fugas na historia de España. Case 40 anos máis tarde, José Antúnez, recorda o ocorrido como un feito que, sin dúbida, marcaría a súa vida para sempre.

Xénero: Documental



TROUBLED TIMES

2016 | 3' | inglés

Dirección: Manu Viqueira

Producción: Devin Sarno

Guión: Manu Viqueira

Diseño yArte: Manu Viqueira e David Rodriguez Simón

Vai de: Videoclip da banda Green Day

Xénero: Musical

NEVERENDING WALL

2016 | 10' | Español

Dirección: Silvia Carpizo

Producción: Chelo Loureiro. Abano

Guión: Silvia Carpizo

Vai de: Pretende denunciar a existencia de muros. A esperanza que supuxo o derribo do muro de Berlín fai 25 anos semella estar xa esquecida. Asistimos perplexos ao levantamento diario de muros externos e internos que nos afastan e que nos achegan a males coma o racismo, a censura, a intolerancia ou a anticultura. A East Side Gallery é o tramo mellor conservado do antigo Muro de Berlín e a maior galería de arte ao aire libre do mundo. En 1,3 quilómetros de murais, condensa unha arte preservada, a pesares dalgúns, para infundir alento a aquelas cualidades que un muro xamais poderá arrebatarnos: a creatividade e a imaxinación. Ferramentas poderosas para plantar cara a aqueles que queren reprimírnos. Con The Neverending Wall converteremos a efémera arte do grafiti á inmortal arte cinematográfica.

Xénero: Animación



MULTIUSOS

Programa “Disco Grande” de Radio 3 en directo

Venres 26 | 17h00 | Multiusos

Co xornalista Julio Ruiz ao fronte, *Disco grande* presta atención aos sons máis actuais, de aquí e foráneos, do pop e as súas ramificacións. Con corenta anos de historia é na actualidade o programa máis lonxevo da radio española. Dende hai aproximadamente uns quince anos, colocóuselle ao formato o cartel dde “programa indie”, e tal e como di o seu equipo “indies, imposible; más independientes, difícil”.

Non faltedes a esta cita coa radio e a música e directo nun dos espazos máis emblemáticos do noso Festival: o complexo formado pola sala Multiusos e o Jaliñeiro.

Proxección “Frágil equilibrio”: celebrando o Goya case galego

Sábado 27 | 16h30 | Sala Multiusos + Jaliñeiro

Encontro co director do filme, Guillermo García, + Proxección documental (16h30) + Actuación Uxía (18h30) | Prezo da experiencia completa: 5€

O público asistente ao Festival poderá celebrar na Sala Multiusos o “Goya con sabor galego” coa proxección do documental *Frágil equilibrio* acompañado dun coloquio con Guillermo García, fillo de nai galega e director desta longametraxe de temática social que se fixo nos últimos Premios Goya co galardón ao Mellor Documental. Trátase dun demoledor filme que ten implícito un convite á reflexión arredor do mundo que nos rodea a través de historias de subsaharianos saltando a valla de Melilla, do capitalismo salvaxe en Xapón ou de desafuzamentos en Madrid e fiadas coas reflexións fundamentais dun sabio: José Mujica, ex presidente de Uruguai. A Seminci ou o Festival Internacional de Documentales de Ámsterdam (IFDA) son só algúns dos múltiples festivais nacionais e internacionais nos que estivo seleccionado o filme.

Ademais, esta sobrecolledora obra audiovisual tamén estivo nomeada na última edición dos Premios Goya na categoría de mellor canción con *Muerte*, composta por Zeltia Montes e interpretada por Uxía, quen ofrecerá un exclusivo concerto no Jaliñeiro ao remate da proxección.



Radio Océano: 30 anos de Atlantismo

Sábado 27 | 21h00 | Multiusos + Jaliñeiro | Prezo da experiencia completa: 5€

Nesta edición do Festival, os fans do grupo Radio Océano, poderán celebrar en Cans os “30 anos de Atlantismo” desta banda que, con só un disco, logrou atraparnos para sempre con temas como Narcisismo, Terra Cha ou Como o vento, que forman xa parte da memoria musical do país. Neste ano 2017 cúmprense 30 anos da saída do seu primeiro e único disco *Esto no es Hawai (nin falta que fai)* (1986) e, a medida que pasa o tempo aumenta tamén a súa cotización como nunha cobizada peza de culto. Para conmemoralo, en breve sairá un dobre vinilo con directos e pezas inéditas no selo Subterfuge.

O Festival de Cans quere celebrar esta efeméride cunha das contadas xuntanzas que terá este ano a banda e rescatando unha selección das súas pezas audiovisuais -algunhas case descoñecidas-. Esta combinación de proxeccións comentadas por eles mesmos na Sala Multiusos coa actuación en directo de Radio Océano no Jaliñeiro será todo un canto ao Atlantismo e a uns anos creativamente prolíficos, no que se fusionarán unhas pezas de xornalismo cultural profundo e rigoroso co gamberrismo da formación.



MINICANS

Parque, xogos e xantar

Sábado 27 | Todo o día | Parque do Río

Parque infantil, cunha área de xogos tradicionais e unha zona de xantares con menús infantís a prezos económicos.

Proxección de *Linko*

2014 | 70' | Español

Dirección: Rafael Calvo, David Valero, Xosé Zapata

Elenco: Crispulo Cabezas, Manel Barceló, Daniel Carrillo, Yolanda Ulloa, Juan Trigueros, Alfonso M. Carrasco, Kettani Tabbai.

Vai de: Nun futuro próximo, despois dunha guerra global que destruíu a civilización, bandas de piratas atacan ás escasas persoas que sobreviviron. Kurt e o seu fillo de nove anos, Ícaro, tratan de vivir a salvo nas instalacións dun aeroporto abandonado nunha fermosa illa. Só a comerciante aérea Rocka coñece o seu paradero e os abastece nas súas viaxes periódicas pero, un día, un estraño accede ao lugar: é Linko, un mozo salvaxe e impulsivo, membro da banda do pirata Travis e está buscando algo que Kurt agocha.

Xénero: Animación

O detalle: É a primeira película española con actores reais e tecnoloxía 3D.

Sábado 27 | 11h00 | Baixo de Carlos | Entrada: 3€

Cantarolas para xente miúda

Sábado 27 | 13h30 | Parque do Río

Cantarolas para xente miúda é un disco infantil de composicións de Suso Vaamonde sobre poemas de Xosé Neira Vilas interpretadas por membros do grupo A Roda. Actuación recomendadísima para pequenos e non tan pequenos. (Actividade coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística).



Caixiña de Mistos

Sábado 27 | 16h00 | Parque do río

Obradoiro de curtametraxes de animación pensadas para os máis pequenos nun espazo singular. Unha vella caravana dos anos setenta, na que só poderán entrar en pequenos grupos para descubrir un lugar diferente para ver o cinema, e que para moitas nenas e nenos supoñerá a súa primeira experiencia de cine. Ás 20h00 proxectaranse as pezas xurdidas do obradoiro.

O Trío do Acivro

Sábado 27 | 16h30 | Cuberto de Pato | Entrada: 3€

O Trío do Acivro son Luis Soto profesor de Frauta na Real Filharmonía de Galicia e no Taller Atlántico Contemporáneo (TAC), e os seus dous fillos, Lucas (violín) e Cecilia (violoncello), de 11 e 6 anos. Unha actuación didáctica e informal, con música clásica, de bandas sonoras e moi participativa. Unha actividade para nenos e nenas que o ano pasado arrasou no Festival de Cans!

Polo Correo do Vento

Sábado 27 | 18h30 | Cuberto de Pato | Entrada: 3€

Polo Correo do Vento traerá ata Cans unha divertidísima actividade para traballar o proceso de construción dun filme a partir do debuxo. Se queredes levar a narración oral ao storyboard, non faltedes!



OUTRAS LEIRAS

Proxecto Cans303

Mércores 24 | 20h00 | Baixo de Bugarín

Presentación do traballo do proxecto “Cans 303” feito polas alumnas e alumnos do curso. Estrea do documental sobre a emigración.

O Proxecto Cans303 é unha iniciativa que se iniciou o ano pasado e que conta cun obxectivo dobre: **rescatar** a memoria dos veciños e veciñas de Cans e estimulalos para que se animen a crear no eido audiovisual. Para isto alentamos a un grupo de dez persoas da aldea entre os 12 e os 60 anos a desenvolver a proposta, pasando por todas as súas fases, dende a formación ata a presentación do resultado.

O proxecto calendarizouse do seguinte xeito: os veciños e veciñas participantes recibiron durante varios sábados entre febreiro e maio aulas básicas de técnicas de gravación, produción, edición e montaxe co realizador Juanma Lodo;, planearon e rodaron o seu exercicio práctico, montárono; e agora estréase dentro do programa do festival.

Título: *É hoxe non é un soño*

Vai de: O documental trata o fenómeno da emigración a través das lembranzas e vivencias de José Quintás Sánchez, Pepe, veciño de Cans que emigrou a Venezuela cando só era un neno. O testimonio de Pepe mesturase cas lembranzas de Alicia, nai de Pepe e co traballo escolar realizado por Raúl Rodríguez Fernández, tamén veciño de Cans, que comeza así:

“Pepe naceu en Cans, O Porriño (Pontevedra) en 1953. Os seus pais emigraran a Venezuela en busca de traballo e mellores oportunidades, mentres el e a súa irmá quedaban ao cargo dos avós. Ao cabo dun tempo, cando os pais se conseguiron establecer no país, levaron consigo os rapaces. Pepe tiña entón once anos e a súa irmá, sete.”

Elenco: Jose Quintás Sanchez (Pepe) -64 anos- Venezuela, Alicia Sánchez González-89 anos- Venezuela/Cans; Raúl Rodríguez Fernández-14 anos- Cans.

Xénero: Curtametraxe documental

Ano: 2017

Equipo: Documentado, gravado e montado polos alumnos do 2º Curso de Cine de Cans: Ainhoa Cabaleiro, Antía Rodríguez, Marta Signo, Raúl Maceira, Andrés Fernández, Silvia Rivas, Marta García, Ángel Rodríguez e Flora Maceira. Coordinado polo realizador: Juanma Lodo

Produción: Asociación Arela, ente organizador do Festival de Cans



Querida Utopía

Mércores 24 | 20h00 | Baixo de Bugarín

Avance do documental “Querida Utopía” arredor da figura do filósofo e profesor natural de Cans, Francisco Fernández Buey. A peza está dirixida polo realizador Juanma Lodo.

Filósofo, escritor e profesor na UAB (Universidade Autónoma de Barcelona) **Francisco Fernández Buey** (1943- 2012) é, en palabras de Xesús Alonso Montero “un dos intelectuais galegos máis brillantes”. Aínda que en todas as biografías aparece como nacido en Palencia, Paco Fernández Buey visitaba sempre que podía unha aldea na que atopaba as súas raíces e a súa casa familiar: Cans. Formado con poetas como José María Valverde, helenistas brillantes como Emilio Lledó e criado filosoficamente á beira do filósofo marxista Manuel Sacristán, Fernández Buey plasmou o seu pensamento en máis de media dúzia de libros. O seu recoñecido antifranquismo e militancia comunista levouno a ser expulsado da Universidade en 1966, pero Fernández Buey nunca desistiría das súas ideas, que nos últimos anos viraban cara o altermundismo.

O Festival de Cans quererecoñecer este ano ó que posiblemente sexa o intelectual máis ilustre –e máis descoñecido– orixinariodesta aldea, promovendo a rodaxe dun documental e colocando unha placa como homenaxe na súa casa familiar.

O trece crece

Venres 26 | 22h30 | Torreiro de Cans

Proxección do documental sobre o Festival de Cans 2016, que leva por título “O trece que crece” e está feito pola realizadora Isaura Docampo.

Roteiros

CanSonoro

Sábado 27 | 10h00 | Polos camiños de Cans. Saída dende a Rotonda do Can.

Desde hai algúns anos, o músico e escritor Xurxo Souto guía polas corredeiras de Cans un roteiro baseado nas historias dos veciños e na memoria musical de cada casa. Acompañado polos acordeonistas de Acordecans, que fan a ruta con el, Souto conta historias, interactúa, canta cos veciños e intercala diálogos de filmes no seu discurso. Unha proposta diferente que fascina a veciños e visitantes.



Roteiro literario-cinéfilo do libro “Cans”, guiado polo escritor Carlos Meixide.

Mércores 24: 11h00 – 13h00 | Xoves 25: 10h00 – 13h00 | Saída da Rotonda do Can

Na pasada edición do Festival convidamos a Carlos Meixide, escritor, xornalista e humorista a que nos visitase para ofrecer a súa particular “mirada de cans”. Bo coñecedor do festival, visitounos en calidade de escritor e publicou posteriormente unha nova aventura da súa particular saga de literatura xuvenil titulada “Cans”. Agora, Meixide volve á parroquia para guiar a todos os asistentes nunha visita que terá diversas paradas nos diferentes puntos nos que os protagonistas do libro viviron as súas particulares aventuras.

Escolma de booktrailers

Mércores 24 | 16h00 | Baixo de Bugarín

No empeño do Festival de Cans en visibilizar calquera disciplina creativa que teña hibridación coa creación audiovisual, en 2016 Cans foi o primeiro festival de Galicia en poñer en marcha unha sección paralela adicada ós booktrailers. Deste xeito púxose o foco sobre un xeito de crear que mestura dúas partes da creación: a literatura e o audiovisual. A idea é tratar de consolidar esta sección e indagar no futuro das novas mesturas que, ó acubillo de Internet, emerxen como fórmulas de promoción da lectura e, ó mesmo tempo, contribuír a espallar a literatura feita en Galicia. A sección medra este ano, con novas propostas, co encontro con escritores e realizadores. Coordina e modera o coloquio: Teresa Cuñas, xornalista.

Escolma de pezas seleccionadas para proxectar:

- **“Últimos Bruídos”** (Ed. Positivas) Ano 2017 | Autora: Marga Tojo | Realización: José Manuel Quiroga
- **“O anxo negro”** (Xerais) 2016 | Autor: Manuel Gago | Realización: Soledad Felloza
- **“O sombreiro do mago”** (Xerais) 2017 | Autora: Ánxeles Ferrer | Realización: Estrela Paramos
- **“Aníbal e a pintora”** (Xerais) 2017 | Autor: Xabier Paz | Realización: Illa Bufarda
- **“O espello do mundo”** (Xerais) 2017 | Autor: Ramón Nicolás | Realización: Iago Nicolás
- **“O amor nos escuros días de Bikenau”** (Xerais) 2017 | Autor: Alberto Canal
- **“A soidade das medusas”** (Galaxia) 2016 | Autora: Iria Collazo | Realización: Luz Beloso
- **“Desescribindo”** (Apiario) 2016 | Autora: Marilar Aleixandre
- **“Auga a través”** (Apiario) 2016 | Autora: Dores Tembrás.



- **“O cuarto das abellas”** (Xerais) 2016 | Autora: Antía Otero | Creación musical: Isaac Garabatos

Proxecto “Recoméndoches un libro”

“Recoméndoches un libro” é un interesantísimo proxecto que imos presentar no Festival de Cans, e que mestura o audiovisual e a literatura para impulsar a lectura na rede. Impulsado pola Biblioteca Neira Vilas, o IES Castelao e a Escola Oficial de Idiomas de Vigo, esta iniciativa fomenta a práctica da lectura a través da participación. Desde persoas que realizan booktrailers, a lectores que se exercitan como booktubers (crítica de libros en youtube), ata xente que se inicia na creación audiovisual coa literatura como excusa, “Recoméndoches un libro” é unha iniciativa das que nos gustan en Cans e por iso queremos dala a coñecer nesta sección.

Cans Proxecta

Territorio e coparticipación

Desde hai varios anos, o Festival de Cans mantén unha frutífera relación coa **Escola Superior de Arquitectura da Universidade da Coruña**. Unha relación que se materializa nas accións que moitos futuros arquitectos plasman como **construcións efémeras no Festival** de Cans para provocar unha reflexión sobre o territorio e a paisaxe. Este ano, renóvase a colaboración de novo.

Que pasaría se Cans se convertese nun destino turístico mundial? Esta é a pregunta que marca o plantexamento do traballo que este ano realizarán no Festival de Cans os alumnos da FETSAC, que organizan o Festival de Arquitectura na Escola Superior de Arquitectura da Coruña (ETSAC), xunto co grupo GceT (Galicia Cidade e Territorio). Este grupo de investigación analiza os fenómenos do territorio e a masificación dos eventos é un deles. Cans é un festival que medra e podería converterse nun evento masificado, e merece unha reflexión crítica ante tal hipótese.

A masificación produce cambios significativos sobre o territorio e xeitos diferentes de relacionarse coespazo. Os estudantes de arquitectura traballarán cosveciños de Cansna confección de bonecos indetificables como turistas, e de paso prepáranos para o que poida vir.



Cans do futuro

Mércores, xoves e venres | 10h00 | Baixo de Bugarín

Rapaces de colexios e institutos de toda Galicia veñen cos seus centros a Cans nas mañás que van de mércores a venres nas datas do festival. Os estudantes terán como en anos anteriores encontros con actores e directores que van pasar polo festival e poderán ver pezas coma o videoclip *"Buscando a Superfama"* -dos Heredeiros da Crus e dirixido por Olga Osorio-, a curtametaxe de animación *Cartas a Superman* -de David Fidalgo Omil- ou o making of da pasada edición do Festival, *"O ano da ducia"*, realizado por Roi Guitián e María Lobo.

Cada centro educativo está en Cans unha mañá enteira, asiste a hora e media de proxección e encontro con actores e outra hora e media a unha visita guiada pola aldea. Ademais, no tempo de descanso poden facerse a típica foto de Cans enriba do chimpín que se aparca xunto o Can de Pedra.

Gastronomía

Showcooking de Cociñeiros Mahou Inés Abril e Rafa Centeno.

Xoves 25 | 20h00 | Praza do Concello (Porriño)

Nas últimas edicións, Cans é un festival atractivo para moitos dos mellores cociñeiros do país, que gostan de poñer a súa habilidade ó servizo dos espectadores do Festival. Célebres cociñeiros con Estrella Michelin como Pepe Sollaou Javier Olleros pasaron polo festival en edicións anteriores, para facerpequenas delicatesen para o noso público.

Este ano será outra Estrella Michelin, a do Restaurante Maruja Limón de Vigo, que comandan **Inés Abril e Rafa Centeno**, á que nos traerá ó Festival de Cans a súa deliciosa cociña en forma de "tapas de cine", da man de Mahou e co apoio de Lasal cocinas.

Outro cociñeiro recoñecido como **Kike Piñeiro**, será o encargado de servir o xantar ós convidados e convidadas do festival. Será un pracer recibir a este artista da cociña que rexenta A Horta do Obradoiro en Compostela, que chega coa complicidade de Galicia Calidade. Ademáis deste apartado gastronómico, os espectadores do festival tamén terán o pracer de poder desfrutar dos riquísimos cafés do coñecido barman **Óscar de Toro**, que estará ofrecendo un Café Candelas na Leira de Alicia a todas as persoas que asistan ó coloquio con Montxo Armendáriz o sábado 26 de maio.



Exposicións

Cans medra pero nunca quere deixar de lado a súa parte social e implicación cos colectivos de proximidade máis diversos. Ademáis de colaborar con entidades como a Asociación de Veciños de Cans, o centro de Educación Especial Aceesca ou promover o concurso “CansDebuxa”, con todos os nenos de colexios do Porriño, este ano o Festival ampliou a “Can Parade” á participación dos Centros de Día de toda Galicia. 21 centros participaron nesta emotiva actividade e os resultados do seu traballo poderán verse na exposición do Centro de Día de Torneiros e tamén no propio Festival os finalistas, tanto na Can Parade como en Cans o sábado 27, día grande do Festival.

Can Parade para os maiores

Mércores 24 | 10h30 | Centro de día de Torneiros

Debuxa Cans

Xoves 25 | 17h00 | Rúa Ramón González

Inauguración exposición “Debuxa Cans”, dos debuxos de cine feitos polos colexios de primaria de O Porriño.

Inauguración da Can Parade

Xoves 25 | 21h00 | Porriño

Contacto de comunicación:

Andrea Villa | 667 683 551

Pilar Peleteiro | 698 171 710

comunicacion@festivaldecans.com

festival de cans
XIV EDICIÓN 24 / 27 maio 2017